

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e dous de marzo de dous mil trece, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

D. José Manuel Freire Couto (Grupo Popular) ausentouse do salón de sesións cando se ía votar o punto quinto da orde do día, incorporándose á sesión novamente ao inicio do punto sexto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2013.-**

O Sr. presidente pregúntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de febreiro de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

**2º.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA O EXERCICIO 2013.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, saúda a todos os presentes e sobre todo ás persoas que hoxe ocupan o salón de sesións, afectados das preferentes. Espera que neste día todos os grupos políticos estean á altura. Sorprendeulles moito a cantidade de forzas de seguridade que hai, porque estas persoas teñen demostrado (ata o de agora) corrección nas súas reivindicacións. Unha vez dito isto, anuncia que o seu grupo vai votar en contra do punto da orde do día, xa que poñen en dúbida a forma de cubrir a praza que queda libre na RPT.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, saúda tamén a todos os presentes e sobre todo o público presente no salón. Manifesta que esta modificación é puntual e provisional, para reorganizar dous servizos (Arquivo e Publicacións) creando unha xefatura de sección, non aumentando o persoal nin o gasto.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente unha modificación puntual da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2013, co seguinte contido:

- a) Na Área de Administración Xeral, os negociados de Publicacións e Arquivo pasarán a integrar unha única sección, baixo a dependencia común dun xefe de sección.
- b) Créase un posto denominado Xefe da Sección de Arquivo e Publicacións, coa seguinte configuración:

Funcionario. Escala de administración especial, subescala de servizos especiais. Clase: prazas de cometidos especiais. Categoría profesional: técnico superior en administración cultural. Grupo A1, nivel 28, posto singularizado. Forma de provisión: concurso específico.

A este posto corresponderanlle as funcións de dirección e coordinación da sección, asumindo directamente as funcións de xefatura do Negociado de Arquivo.

- c) Suprímese o posto de xefe do Negociado de Arquivo, amortizando a praza correspondente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

2º) O presente acordo someterase a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorrido o dito prazo sen que se formularsen alegacións o acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación do texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei de bases do réxime local. No caso de formularse alegacións estas serán resoltas polo Pleno.

**3º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADA POLO CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO CONTRA O PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA TÉCNICA, ECONÓMICA E XURÍDICA ÓS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2013.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestima-la reclamación presentada polo Concello de San Xoán de Río para revisión da cantidade asignada para 2013 en concepto de SAF básico, xa que esta Deputación xa lle recoñeceu a este Concello unha contía que resulta da aplicación dos apartados correspondentes das bases reguladoras, téndose en conta a súa situación de concello de elevada dispersión cunha ratio de cobertura de 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

2º.- Desestimar a solicitude de financiamento do 50% dos custos dunha educadora social propia para o Concello (cun custo anual de 22.041,68 €) dado que Concello de San Xoán de Río non se atopa en ningún dos supostos previstos para poder ser subvencionado o profesional de educación social.

3º.- Notificarlle este acordo ao Concello de San Xoán de Río, para os efectos oportunos.

**4º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE A DECISIÓN DE NOVAGALICIA BANCO DE PECHE DE OFICINAS NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño, para que defenda o contido da moción.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** dá lectura á moción, co seguinte contido: *“No marco de plan de recapitalización de Novagalicia Banco, aprobado en novembro de 2012 polo Goberno español e referendado pola Comisión Europea, figura concretamente a reorganización da súa rede de oficinas. O día 28 de febreiro de 2013 Novagalicia Banco anunciou o peche de dezaioito oficinas na provincia de Ourense, pésima noticia para as corporacións locais e para as veciñas e veciños das poboacións afectadas. A Deputación, aínda recoñecendo que Ourense seguirá sendo a provincia galega con maior densidade de oficinas por habitante, lamenta esta decisión dunha entidade financeira que debe consolidar a súa posición co principal obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia. O goberno provincial avoga por analizar fórmulas para que non desapareza a atención á poboación de núcleos rurais, evitando a exclusión financeira de determinados territorios. En virtude do exposto, propónselle ao Pleno a adopción do seguinte acordo: A Deputación de Ourense: 1º.- Manifesta a súa preocupación e solicita a Novagalicia Banco que reconsidere o peche de dezaioito oficinas na nosa provincia. 2º.- Insta a Novagalicia Banco e aos Concellos afectados a que adopten as decisións necesarias, coa colaboración dos medios materiais que estimen precisas, para evitar o peche permanente destas oficinas e que non se deixen de prestar estes servizos bancarios, sinaladamente nos concellos do medio rural”.* Quere engadir que o presidente da Deputación, unha vez que tivo noticias do peche das oficinas, inmediatamente solicitou unha entrevista co presidente do Consello de Administración de Novagalicia Banco, e desas xestións saíu un compromiso firme do Sr. Castellano de que aqueles concellos que, na medida do posible e dentro da súa autonomía municipal, poidan colaborar dalgún xeito (facilitando un local ou calquera outra cousa que se negocie no seu momento) podería evitarse o peche dalgunha das oficinas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG,** saúda aos presentes e máis en concreto aos homes e mulleres que foron enganados e agora van ser roubados, se non se evita, e que o único que fan é defender o que é seu. Non sabe a que vén traer tantos medios para evitar que exerzan o seu dereito. En canto á moción, manifesta que no Pleno do 30 de novembro de 2012, se debateu unha moción do Grupo Socialista por este mesmo motivo. O BNG defendeu, e segue a defender, que coa reestruturación de Novagalicia Banco, ademais de centos de despedimentos de traballadores e traballadoras, ían pechar moitas oficinas en todo o país, o que na nosa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

provincia, pola súa singularidade (dispersión poboacional e envellecemento da poboación) este feito ía ter un impacto moi importante e por iso votaron a favor da moción que presentou o Grupo Socialista. O BNG enmarcaba o debate, máis aló do peche das oficinas, en que isto é unha consecuencia da reestruturación financeira e as súas consecuencias, trala aprobación en xuño de 2009 das normas reguladoras do FROB, plan que perseguía, por un lado, diminuír sensiblemente o número de entidades, a súa desterritorialización, a conculcación das competencias autonómicas e, finalmente, a bancarización destas entidades crediticias. Cita textualmente as seguintes palabras do portavoz do Grupo Popular: *“este era un tema moi importante para o rural. O Partido Popular é plenamente consciente da singularidade e das características poboacionais e demográficas dos concellos de Galicia e coincide firmemente na necesidade de evitar a exclusión financeira do rural galego, e nomeadamente dos segmentos poboacionais de maior idade, que non teñen costume de acceder a outros tipos de banca e ten depositada a súa confianza a quen ten ó lado da casa. É innegable a importancia que para moitas localidades ten o mantemento das oficinas bancarias, xa que moitos concellos quedarían sen ningún servizo e os efectos do peche das oficinas levaría consigo graves prexuízos, como a despoboación do noso rural”*. Coincide con estas palabras pero o sorprendente é que despois de estar a favor do que se expoñía, nun acto de funambulismo político, propoñen unha emenda do texto orixinal. Agora, novamente, volven dicir o mesmo que se dicía na moción de novembro de 2012, coa particularidade de que antes dicía que a Deputación non lle podía dicir a NGB o que tiñan que facer, cousa que polo que agora se ve era falso, o cal amosa a dobre faciana do Partido Popular nesta Institución, que segundo quen presente as mocións votan dun xeito ou doutro aínda que digan o mesmo. Cando se produciu o rescate da banca, o BNG xa denunciou as consecuencias sociais e laborais tan enormes que ía ter: en primeiro lugar é o conxunto da cidadanía o que ten que asumir a mala xestión dos seus directivos, é dicir, a socialización das perdas e a capitalización e privatización das ganancias. En segundo lugar, para levar a cabo a súa redución de tamaño, as entidades intervidas deberán proceder a unha drástica redución de persoal (en Novagalicia Banco fálase de 2000 empregos, aos que habería que sumar os máis de 2000 que se reduciron logo da fusión das dúas caixas), pechando oficinas, e condenando ao rural galego e ás súas xentes á desaparición. Novagalicia Banco está presente en solitario en 86 concellos do rural, e moitas oficinas van ser pechadas (sobre todo en Ourense e Lugo) atendendo a exclusivos criterios de rendibilidade, pensando no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

futuro comprador, que será presumiblemente un gran banco, aínda que agora se fale dun posible grupo empresarial con Bankia, Novagalicia Banco e a Caixa Catalana. Polo tanto outra das consecuencias deste rescate non deixa de ser un paradoxo xa que a sociedade galega está pagando do seu peto o rescate pero van quedar sen os servizos financeiros.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista,** manifesta que o Grupo Popular presenta unha moción pero con efecto retardado e que chega tarde, pois como lembrou o deputado do BNG esta mesma moción xa a presentou o Grupo Socialista o día 29 de novembro de 2012. O Grupo Socialista desta Deputación foi quen mostrou interese por esta situación tan negativa que representa o peche de oficinas de Novagalicia Banco en concellos da nosa provincia. Aquela, a mesma moción que rexeitou o Grupo Popular e que no seu lugar votaron unha emenda de substitución, quizás querendo sacarlle ferro ao asunto e sendo tamén menos valentes. Interesáballes moito máis conseguir un titular atractivo tanto para a galería e para a cidadanía ou mellor aínda para a devandita entidade financeira. O Grupo Socialista da Deputación invita ao grupo de goberno a que lles digan se foron máis alá e se serviu para algo máis que para poñer en escena a realidade dos feitos. O grupo de goberno, aínda estando a favor co fondo do asunto (segundo as súas propias palabras), empéñanse en buscarlle as voltas ao obvio e prefiren dicir non a toda proposta que formule o Grupo Socialista desta Deputación, a medio de moción ou de denuncia expresa. Pregúntalles aos deputados do grupo de goberno se agora si lles preocupa o peche de dezaioito oficinas e antes qué pasaba, será porque eran menos oficinas (só 5) ou será unha cuestión de números. Os deputados veñen aquí a defender os intereses da cidadanía desta provincia, é dicir, que independentemente de onde nacesen ou de onde vivan, teñan as mesmas oportunidades para desenvolver o seu proxecto vital. Non se está a falar de cifras senón de persoas. Di isto, porque nunca viu aos señores do Partido Popular loitar, denunciar, defender por medio de mocións (por exemplo) ou preocuparse polo peche de escolas, de centros de saúde, de sedes xudiciais, polos recortes na aplicación da Lei da dependencia, que aos nosos veciños e veciñas lles rouben os aforros de toda unha vida, que se desenvolvan políticas de emprego e un longo etcétera. Todo isto non lle parece prioritario nin importante ao Grupo Popular desta Deputación. Si lles preocupa, segundo as súas propias palabras que le textualmente "*a exclusión financeira de determinados territorios*", e isto significa o que en esencia máis lles interesa que é a perda do poder e o control económico, e volven outra vez ao de sempre, aos números. Parece causarlles inquietude que as oficinas que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

se pechan no rural é máis prioritario que todo o que enumerou anteriormente, porque lles van pechar oficinas nos pobos onde levan gobernando toda a vida: Arnoia, Lobeira, Toén, Xunqueira de Ambía, Quintela, Cenlle, Trasmiras, Baltar, Sandiás, Rairiz de Veiga. Pregúntase se será que quizás extrapolaron o modelo de contratación desta Deputación cara ao resto dos concellos do rural, e agora ven como se esborralla o edificio que con tanto mimo e entusiasmo construíron ao longo de todos estes anos, a golpe de favores e en contraposición a outro modelo máis construtivo como sería o de dotar as nosas vilas e pobos dos servizos esenciais e necesarios que vertebran e desenvolven a unha provincia. As políticas do Partido Popular están a supoñer un abandono radical do territorio como referente común e as súas decisións supoñen unha orientación suicida, pois invisibilizan e ignoran a maior parte dos concellos de Ourense, abrindo vías de conflitos entre os diversos pobos, abandonando os seus recursos, á súa cidadanía. Estamos ante un increíble escenario de derrubamento do noso medio rural, do noso sistema de protección social, levantado día a día con esforzo ao longo dos anos por gobernos socialistas, algo que quere dicir moi alto e moi claro. Para o Partido Popular o mundo rural non existe como tecido social vital, é todo o contrario, un medio para lograr a súa propia supervivencia. Están obsesionados coa redución do público, coa utilización tendenciosa do debate da crise, coa busca de responsables e miran para outro lado e o que están a conseguir é suprimir do debate político a aposta por un modelo de administración que se mova na dirección axeitada. Anuncia que vai dar a receita de cal debe ser o camiño a seguir: que se apoie a loita contra o cambio climático por exemplo, que se satisfagan as demandas de chan agrario e forestal, que se produzan enerxías limpas, que se satisfagan as demandas de ocio da nosa cidadanía, a conservación da natureza e a edificabilidade que esixen os nosos cidadáns e cidadás. Todo iso, ten que supoñer unha axeitada ordenación do territorio e ademais, débese procurar un equilibrio entre as necesidades da nosa cidade, a capital, e as das nosas vilas. Tiveron ocasión de escoitar do portavoz do Partido Popular que o Sr. presidente se reuniu co Consello de Administración da entidade bancaria da que falamos hoxe e quere preguntar (xa que en novembro de 2012 asinaron un compromiso ante a cidadanía para dirixirse a Novagalicia Banco, á Xunta de Galicia e ao Comisario Europeo da Competencia) onde están eses escritos que realmente os están comprometendo, porque se non o demais é gloria celestial e non os van poder crer.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que o debate da Sra. Vázquez Blanco parecía máis o debate do estado da Nación que do punto que se está a tratar. Pide respecto á orde do día, porque non sabe ben que ten que ver o cambio climático co peche de dezaioito oficinas de Novagalicia Banco. O Grupo Popular non busca titulares, quen os busca é a oposición, e o que fai é gobernar. A Sra. Vázquez Blanco practica totalmente o contrario de todo o que dixo aquí no concello no que é concelleira de goberno, porque ten outra responsabilidade. Volvendo o asunto di que evidentemente cinco oficinas son bastantes menos que dezaioito e loxicamente preocupa máis o peche de dezaioito que de cinco. Pídelle á Sra. Vázquez Blanco que diga o que fan os alcaldes do seu partido, xa que non se ve que fagan nada distinto. Citou concellos do Partido Popular onde se van pechar oficinas e non citou, por exemplo, Calvos de Randín e algún outro que son do seu partido. En canto ao que levantaron os socialistas, manifesta que o único que fixeron os socialistas foi deixar a este país coas patas para arriba e iso é evidente. O Sr. Iglesias Pérez citou a súa intervención noutro pleno e está de acordo xa que el quere manter os servizos, pero el non cre no intervencionismo que non deixa de ser unha utopía. Pregunta que hai que facer para que Novagalicia Banco teña que ser un servizo público deficitario, vulnerando o plan de recapitalización de Novagalicia Banco que citou anteriormente, aprobado en novembro de 2012 polo goberno español e referendado (por narices) pola Comisión Europea, xa que as decisións da Unión Europea non son discutibles. Pide responsabilidade e que se deixe de facer demagogia con brindes ao sol para que os medios de comunicación fagan eco da ocorrencia máis ocorrente.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, manifesta que o portavoz do Partido Popular pasou do debate do estado da Nación a ser oposición no Concello de Ourense e tamén se desvirtuou un pouco do debate. En canto á utopía que nomeou di que vai contestar con dúas palabras “banca pública”. Volvendo ao tema que nos ocupa di que hai un acordo entre o Goberno de España e a Comisión Europea para que entre os anos 2010 e 2017 a entidade bancaria galega reduza nun 70 por cento o volume do seu negocio e nun 66 por cento o persoal que atende as oficinas o que se traduce nun desmantelamento progresivo da entidade. Desde 2010 producíronse tres expedientes de regulación de emprego e entre marzo e o verán de 2013 a entidade aborda o cuarto expediente regulador para pechar outras 49 oficinas e despedir a preto de 2000 traballadores e traballadoras. E mentres isto acontece (peche de oficinas, despedimento de centos de traballadores e traballadoras, perda da obra social das caixas de aforro, que era a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

maior investidora en materia social e cultural en Galicia despois das administración públicas, consecuencias gravísimas), o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, non di nin *mu*, tratando de disimular unha realidade falsa na que todos están metidos e que foi construíndo como se fose un castelo de naipes que algún día vai caer. Nada do que acontece en política é casual nin neutro e para chegarmos a esta situación tiveron que darse varias circunstancias: primeiro o pacto entre os dous grandes partidos do país (PP e PSOE) para aprobación do FROB e da modificación da Lei de caixas de Galicia; o pacto do presidente Rajoy coa Comisión Europea para o rescate e o silencio cómplice do presidente da Xunta en todo este proceso. O goberno galego non exerceu as súas funcións de supervisión mentres os directivos saqueaban as caixas e mesmo blindaron a súa permanencia nos órganos directivos. Por iso non entenden que neste momento, por moito que se diga o contrario, aínda non se teña constituído a correspondente comisión de investigación. O presidente de todos os galegos aplicou a máxima dos malos gobernantes que non é outra que defender aos poderosos, á banca, e non aos prexudicados, aos cidadáns e ás cidadás.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista,** dille ao Sr. Álvarez Dobaño que é moi previsible e ela xa sabía que lle ía dicir que gobernar é complicado e pon sempre escusas botándolles as culpas aos demais. Reitera a pregunta de onde está o compromiso que adquiriron no mes de novembro e onde están os escritos dirixidos a eses tres organismos. Pensa que non llos poden ensinar porque ao grupo de goberno lle importa pouco o que se aproba aquí e só queren un titular. Pídelle ao grupo de goberno que se dedique a gobernar, xa que levan toda a vida gobernando na provincia e o resultado é unha provincia empobrecida. Ao grupo de goberno preocúpanlle outras cousas, como amasar patrimonios imposibles. A cidadanía reclama que se practiquen políticas que axuden a desenvolver esta provincia para que a xente non se marche dela, e os únicos que quedan son os políticos do Partido Popular e os seus familiares, que aproveitan as institucións para darlles traballo e os demais teñen que buscar a vida fóra. Pídelles tamén que se deixen de minifundios e que fagan unha política de coordinación entre as distintas administracións, xa que teñen todas as ferramentas ao seu alcance. O mundo rural dispón de recursos e de tecnoloxía e o noso maior I+D+I é precisamente a nosa terra. Pídelles que fagan o favor de practicar a política e que se deixen de políticas do medievo que só lastran a nosa sociedade. Pídelles tamén que non lle dean as costas á xente para que poidan saír adiante. Anuncia que votarán a favor da moción xa que non poden ir contra os seus propios

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

actos, igual que están a favor de toda a xente que está hoxe no salón de plenos, que ven como están sendo espoliados.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Iglesias Pérez que non fixo oposición, senón que só citou ao concello de Ourense, algo que lle preocupa porque din que eles non gobernan e pensa que si gobernan na sombra e acábano de demostrar porque os traizo a o subconsciente. O BNG cre na banca pública pero os galegos, ao parecer, non, e téñeno demostrado cando hai que dar apoio. Está de acordo con que estamos aquí para defender a provincia, pero hai que ser respectuosos coa orde do día do Pleno. Certo é que houbo directivos que levaron indemnizacións que a el mesmo lle repugnan e pregúntase onde estaban cando gobernou o bipartito porque xa percibían esas indemnizacións daquela. Agradécelle á Sra. Vázquez Blanco que reconeza que el é previsible, porque iso é o que pretende. En canto a que o Partido Popular leva gobernando toda a vida manifesta que gobernan cando os galegos e os ourensáns queren que gobernen e pensa que de toda a xente que vota ao PP non será parva, polo que non se pode infravalorar tanto aos cidadáns e cidadás de Ourense. Pide respecto para a democracia.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a mencionada moción, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense:

- 1- Manifesta a súa preocupación e solicita a Novagalicia Banco que reconsidere o peche de dezaoito oficinas na nosa provincia.
- 2- Instar a Novagalicia Banco e aos Concellos afectados a que adopten as decisións necesarias, coa colaboración dos medios materiais que estimen precisas, para evitar o peche permanente destas oficinas e que non se deixen de prestar estes servizos bancarios, sinaladamente nos concellos do medio rural.

#### **5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O CESE DO PRESIDENTE DO INORDE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da moción.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que o Grupo Socialista quere comezar esta intervención sen facer ningún tipo de demagogia, xa que acabamos de votar por unanimidade algo que xa expuxo o seu grupo hai uns meses e para ese camiño sobran alforxas. Hai que facer unha reflexión baseándonos nas manifestacións públicas que fixo o Sr. Freire Couto. Ao longo deste mes, intensificábanse as informacións que saían á luz pública en relación co seu patrimonio e coas súas relacións empresariais e nunha destas intervencións o Sr. Freire dicía o seguinte: *para estar en política non só teñen que estar os pobres de solemnidade*. Afirmación na que poden coincidir, pero non se pode medir a vocación de servidor público en función do que gana unha persoa ao longo da súa vida ou se xa o tiña ganado antes de entrar na política. Pero o que fai sementar as dúbidas máis que razoables é cando a propia persoa que se pon en cuestión, lonxe de aclarar con rotundidade e cargado de razóns, sementa máis dúbidas coas súas explicacións. O que dixo o Sr. Freire nas súas declaracións é contradictorio porque dixo que pasou de ser case pobre de solemnidade cando comezou na súa profesión como médico a converterse, á vista do seu patrimonio, no Rockefeller da política ourensá, e iso é o que está en cuestión, incluso cando o Sr. Freire afirmou que tivera unha pequena débeda coa facenda pública. Ninguén ten que ser pobre de solemnidade para estar en política, pero na rúa hai moitos parados e cada día hai xente máis pobre de solemnidade (estes días saíu unha información de que hai preto de tres millóns de persoas en risco de exclusión social) e isto é incompatible con cuestións como as que se refiren ao Sr. presidente do INORDE. Todo isto debería ser xa unha razón máis que convincente para que o Sr. Freire Couto asumise a súa responsabilidade política como alcalde, o Grupo Socialista, como grupo da Deputación, nin sequera llo expoñen, o tempo e máis informacións que sairán á luz xa farán que o Sr. Freire Couto se cuestione a súa continuidade en política. Con toda humildade, cre que abandonar un pleno sendo goberno non o axuda para nada, máis ben é unha torpeza política que fai acrecentar a dúbida, xa que se alguén abandona cando se lle piden explicacións é porque algo ten que agochar. Pero este non é o obxecto da moción como Grupo Socialista da Deputación, senón que é poñer en cuestión outras actuacións do Sr. Freire Couto como presidente do INORDE. O Sr. Freire Couto dixo que se dedicaba ao seu concello en corpo e alma sen cobrar nada, e iso non é certo de todo, posto que percibe máis de nove mil euros en axudas de custo, pero á parte disto, dixo tamén que polas tardes se dedicaba á súa actividade empresarial. Ata aquí, en condicións normais, isto sería aceptable, pero xorde a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

dúbida de canto tempo lle emprega á súa dedicación como presidente do INORDE, pola cal percibe a nada desprezable cantidade de sesenta e oito mil cincocentos euros. Dille ao Sr. presidente da Deputación que el é o responsable de facer que os cargos con dedicación cumpran co seu labor. Á saturada axenda do Sr. Freire hai que sumarlle a súa condición de deputado provincial e o Sr. presidente está a consentir que un cargo con dedicación exclusiva no INORDE, que percibe diñeiro da Deputación, tamén perciba doce mil setecentos euros en axudas de custo por ser deputado provincial, cando todos saben que as persoas que teñen dedicación exclusiva nunha institución non poden percibir axudas de custo por asistencia a plenos ou a outros órganos. Manifesta que el no seu concello ten unha dedicación de mil euros, e séntese un privilexiado tal e como están as cousas hoxe en día. Pode que non estea tan preparado como o Sr. Freire, pero pensa que non é de xustiza que se cobre polo que non se defende. Pídelle ao Sr. presidente que cese de inmediato ao presidente do INORDE (organismo no que non cre nin o Sr. presidente como o deu a demostrar nos propios orzamentos) e que devolva as axudas de custo cobradas á Deputación desde que o Sr. Freire é presidente do INORDE, que segundo os cálculos do seu grupo son máis de cen mil euros, para destinalos aos verdadeiros pobres de solemnidade que son moitos. Espera que o grupo de goberno apoie esta moción, xa que se isto se segue a consentir está convencido de que isto vai parecer a cámara provincial dos lores e os comúns, onde os lores son os deputados do PP e os comúns o resto de deputados, así como o resto dos cidadáns.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, aínda que en liñas xerais están de acordo coa exposición de motivos, entenden que a moción queda curta, pois o verdadeiro debate é máis de fondo e ten que ver, tal e como teñen manifestado en reiteradas ocasións, co papel do INORDE e coa pertinencia da súa existencia, e tendo en conta que é “conditio sine qua non” para ser presidente do INORDE é ser deputado, entenden que non abonda con pedir o cesamento como presidente do INORDE, tan só. O Sr. presidente do INORDE é deputado provincial e ademais é un defraudador. Compre lembrar un acontecemento que se produciu o outro día no Concello de Barbadás que pon ben en claro quen é o Sr. Freire Couto. Diante dun episodio que se podería considerar como unha escena bíblica de todos coñecida, entraron os concelleiros do BNG no plenario co seu látego de argumentos demoledores pedindo a dimisión do Sr. Freire e el fuxiu á cabeza como os mercadores da casa do pobo. O BNG agarda que hoxe

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

se repita esta mesma escena, pero desta vez que o abandono sexa definitivo. O Sr. Freire Couto é deputado provincial e á súa vez é presidente do INORDE, cunha actuación máis propia de períodos predemocráticos quixo fuxir de algo ao que está obrigado por lei, porque así o indica o ROF, que nin máis nin menos é que os cargos políticos teñen que presentar publicamente unha declaración de patrimonio, neste caso, tanto no Concello como na Deputación. Cando se lle solicitou que fixera público o seu patrimonio, el limitouse a presentar o resumo dunha declaración complementaria, pero non presentou declaración de IRPF, declaración de IVE nin declaración de patrimonio. Un acto de ocultación premeditada, coma a que lle fixo á Axencia Tributaria durante os anos 2007 a 2010, a saber: en 2007 ocultou 56.384 €, en 2008 41.777€, en 2009 35.898 €, en 2010 74.009 €, en total, nada máis nin nada menos que 208.068 € (segundo o Sr. Freire isto era un pequeno desaxuste do que en catro anos ganou 573.000 €). Por esta fraude á facenda pública, o señor Freire Couto tivo que pagar unha sanción de 16.496 €. Dá lectura, en castelán (que é o idioma que entenden ben) á proposta de resolución: *considerando que el sujeto no ha acreditado que su actuación fuera debida a causa excluyente de culpa, que conocía perfectamente sus obligaciones tributarias pues presentó todas las declaraciones exigibles y aún complementarias, se estima que su conducta fue voluntaria, por lo que se aprecia consurso de dolo-culpa*. Os estatutos do Partido Popular din que cando nos cargos públicos hai dolo-culpa ou corrupción, ábreselles un expediente fulminantemente. Cualificación e graduación das sancións: *la infracción cometida nos períodos 2007, 2008, 2009, 2010 es grave para este Sr. diputado*. Conformidade coa proposta de sanción: *diligencia para hacer constar que el comparecienciete Freire Couto, José Manuel, quien actua en calidad de sujeto infractor representante manifiesta que reconoce la responsabilidad de los hechos o actuaciones objeto de expediente sancionador en los términos expuestos en la propuesta de resolución y presta conformidad a que le imponga una sanción de 16.496 euros, sanción que se considera grave. La infracción será grave cuando la base de la sanción sea superior a 3.000 euros y exista ocultación*. Diante desta actuación, é inevitable que a sombra da dúbida planee cada vez con máis forza sobre a persoa do señor Freire Couto. Como non coñecemos as declaracións dos anos anteriores ao 2007 nin as posteriores ao 2010, pregúntase se tamén é posible que defraudara durante eses períodos e se é así canto defraudou. Tamén se pregunta qué fiabilidade e autoridade política e moral ten un defraudador que aínda por riba ostenta os cargos de alcalde, deputado provincial e presidente do INORDE. Pregúntalle ao Sr. presidente cómo pode permitir

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

que membros do seu partido presuman de transparencia cero, mentres crea unha área específica para o que tamén chamou a palabra clave que é a transparencia. Tamén lle pregunta cómo pode permitir que siga de deputado provincial un defraudador, mentres, por outra banda, declara que non vai permitir no seu goberno ningún tipo de corrupto. Dende o BNG consideran que este tipo de actuacións non deben permanecer impunes e politicamente son reprobables ata o punto de que don José Manuel Freire Couto non pode permanecer nin un minuto máis nos cargos de deputado provincial e de presidente do INORDE. Pídenlle ao Sr. presidente que cese como deputado ao señor Freire Couto por actitude impropia dun responsable político e pídenlle tamén que poña en práctica o que prometeu (transparencia e tolerancia cero coa corrupción), para que non quede en interdito a súa responsabilidade.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que parece que os ánimos están caldeados e que se segue ao pé da letra o guión. Adianta que van votar en contra do que se propón na moción, porque están totalmente convencidos de que o Sr. Freire fixo nos últimos anos un importante labor á fronte do INORDE, conxuntamente co Sr. xerente e demais persoal do organismo, e pode seguir facéndoo nun futuro inmediato malia as dificultades económicas polas que estamos atravesando todos e esta Deputación e os seus organismos non son unha excepción. O Sr. Gómez Pérez pide o cesamento do Sr. presidente do INORDE e preguntalle en qué se basea para elo, xa que as xeneralidades ás que nos ten acostumados non din nada. Se consideran que hai irregularidades na súa xestión deben dicilo clara e contundentemente e deixarse de facer insinuacións demagóxicas e pouco responsables. Non acusen sen probas, non deixen caer cousas, como xa fixo o Sr. Rodríguez Puga que dixo que non se garantía que determinadas declaracións doutros anos estivesen ben feitas, porque se pensamos así tampouco podemos garantir que as do Sr. Rodríguez Puga estean ben. Tamén se pide na moción que o Sr. Freire devolva as axudas de custo cobradas da Deputación desde que é presidente do INORDE e pensa que hai que ser máis serios coas propostas e pídelo ao Sr. Gómez Pérez que lle aclare se a súa proposta ten base xurídica ou non. Por curiosidade pensemos que por un momento se poña no suposto de que se acordara aprobar o que se propón na moción e que se o Sr. Freire se negase, preguntalle ao Sr. Gómez Pérez como fariamos para obrígalo a devolver as ditas axudas de custo. Reitera que hai que ter máis seriedade nas propostas porque esta institución a merece, así como os problemas polos que estamos a pasar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

todos, e menos ocorrencias máis ou menos orixinais, que o único que pretenden é ser un reflexo de non sabe o que nos medios de comunicación.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que el non é un xurista e é un humilde traballador e bastante fai con sentarse neste salón e defenderse contra o grupo de goberno, que para moitas cousas son moito máis listos que el. Pero sen ser xurista pensa que si hai que ter sentido común para resolver as cousas, como en Navarra, onde había unha presidenta e algúns deputados que cobraban axudas de custo por día cuxa contía era maior que a que cobran moitos traballadores por todo o ano e alí lle poden explicar como as devolveron ou como as van devolver. Chámalle moito atención que non se defenda o propio Sr. Freire Couto das ocorrencias que ten o portavoz socialista, xa que el cobra 68.500 euros por levantar a man e el non cobra nin a milésima parte e ven aquí e intenta defenderse. Pensa que o seu grupo foi bastante comedido pedindo este cese e a devolución das axudas de custo, pero como politicamente non o van conseguir, cando teñan toda a documentación necesaria xa irán ás instancias correspondentes e despois non os poden acusar de levar as cousas á fiscalía. En canto ao patrimonio, lembra que os deputados do Grupo Socialista xa o publicaron (certo é que o Sr. presidente tamén), pero o resto dos deputados aínda non e pregúntase se é que non se poden ensinar. Ao Sr. vicepresidente dáalle a risa ao ver que eran mil euristas, pero claro el cobra bastante máis aquí e no concello e non ensinan as súas declaracións porque a quen non lles vai dar a risa a aos cidadáns. En canto ao INORDE non sabe ben se o mesmo grupo de goberno cre o que di, porque este ano orzamentaron 3.000 euros de investimento para o INORDE e o resto do orzamento é para soldos, así que non se pode dicir que se fai un gran labor no INORDE. Parece que o Sr. presidente e o portavoz popular están de *coña* e queren facer idiota á oposición. Ao mellor un dos importantes labores que se fan no INORDE é ir de viaxe con persoas que están sendo investigadas pola xustiza, e como dixo o Sr. Freire Couto “*a min a ese tío presentáronmo un día*”. Pide que non se lles tomen máis o pelo, porque base xurídica hai moita e moi variada, el non a sabe porque é un humilde traballador, pero como tal o sentido común fai que pense mal, sobre todo cando alguén non se defende porque se tivese claras as cousas estaría rebatendo moitas das cuestións que di o Grupo Socialista. Recoñece que ao portavoz popular hoxe lle tocou un mal papel. Pensa que o Sr. Freire non se defende hoxe porque aínda van saír máis cousas e o día que o Grupo Socialista pida a dimisión de todos os cargos (non só de presidente do INORDE) vai ser por cuestións moitísimo máis graves.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que hoxe ten un *papelón* por ter que defender a un defraudador. Di que el é tranquilo pero que se pon moi nervioso cando alguén se ten que sentar no mesmo foro que se senta el. Di que é un funcionario público e as súas declaracións están aí e son negro sobre branco e o Sr. Freire Couto vese que non. En todo caso, á marxe do nefasto papel desenvolvido polo Sr. Freire Couto durante todos estes anos á fronte do organismo, cómpre xulgar tamén, porque para o BNG non é un problema de persoas, o papel do INORDE. O BNG xa leva desde hai moitos anos pedindo a súa disolución, feito que cobrou actualidade no pasado debate dos orzamentos, cuestión que hoxe reiteramos por enésima vez. Por máis declaracións que faga o presidente da Deputación e por máis política mediática que aplique con estudos sesudos socio-económicos, resulta unha obviedade que nin el, nin os deputados do Partido Popular cren neste organismo, e proba disto é que non só non se redimensiona, logo da supresión do Padroado Provincial de Turismo e Urbaourense, senón que queda reducido á mínima expresión, tal como se pode comprobar coa redución da súa partida orzamentaria en 887.285 euros, quedando o total do programa de gasto en 1.000.000 de euros. Da inutilidade deste organismo, que durante todos os anos de existencia, serviu para establecer un *chiringo* onde poder colocar a multitude de persoas, todas elas vinculadas ao Partido Popular, dá fe do desmesurado gasto en persoal e a pírrica cantidade de 3.000 euros destinados a investimento real. Ademais do dito anteriormente, a situación económica do Instituto é lamentable, tendo que recorrer a Deputación ao remanente de Tesourería para financiar gastos xerais correspondentes ao ano 2012, a través dun suplemento de crédito de 185.100 euros para aboar facturas como alugueiros de locais, auga, luz, combustible ou comunicacións postais, entre outros, o cal dispara o orzamento de 2012 a máis de dous millóns de euros, o dobre do que terá que administrar en 2013. Tal é a situación económica que o presidente deslizou, a través dos medios, a posibilidade de acometer un ERE no organismo. A gran cantidade de fondos librados pola Deputación Provincial non se notan 25 anos despois na contribución do desenvolvemento económico da provincia de Ourense, e a mellora dos parámetros da provincia e dos seus cidadáns. Moitas das funcións do INORDE, especialmente no que ten que ver coa xestión de recursos europeos, solápanse coa existencia de servizos dentro da propia Deputación que teñen unha idéntica finalidade. Sobre este organismo pende, cal espada de Damocles, a denuncia dun particular diante da OLAF (Oficina de loita contra a fraude), que dixo que a Deputación percibira fondos por un programa que non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

executou nin na súa integridade, nin no resultado, referido ao proxecto estacións. O BNG está aquí, coa sanidade pública que o PP está privatizando, están co ensino público e de calidade que o PP está privatizando e aniquilando, están co rural que o PP está desmantelando (véxase a moción do AVE), están coas persoas roubadas polas preferentes e subordinadas mentres o PP mira para outro lado poñéndose ao lado da banca e dos especuladores financeiros. O BNG está aquí e o grupo de goberno está embarrando o terreo de xogo, porque non ten posibilidades de xogar (herba alta, non se sega, no se rega porque o balón corre moito), aínda que entende que o Sr. Álvarez Dobaño hoxe teña que embarrar o terreo de xogo polo *papelón* que lle tocou e pensa que viría sen almorzar porque hoxe ten que comer sapos a fartar.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que hoxe almorzou igual que todos os días. En canto aos *papelóns* di que a todos lles tocan algunha vez. Dille ao Sr. Gómez Pérez que na moción non se cita para nada o patrimonio do Sr. Freire, quen xa tivo dous plenos referidos a isto e un montón de rogos e preguntas noutro pleno do seu concello, que é alí o foro deste debate. El cre no Sr. Freire e se alguén non cre nel está no seu dereito. En canto á comparativa dos lores e dos comúns dille ao Sr. Gómez Pérez que teña coidado non vaia ser que teña que meter no outro lado a algún dos seus. Lembra que o PP leva un ano gobernando e pregunta se todos os males do goberno español viñeron co goberno de Rajoy. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que se alegra moito de que siga os congresos do PP, xa que ten coñecemento das propostas do presidente que se aproban alí, pero o PP ten as súas normas internas e quen as ten que aplicar e este partido e non o BNG. En relación con defraudar co IRPF di que a sanción do Sr. Freire é unha sanción tributaria e pide que nin se magnifique nin se infravalore. En canto a disolución do INORDE pregunta se facemos o mesmo que en Lugo, cambiando os cromos de sitio ou as cadeiras de despacho, porque o persoal que había no INLUDES pasou todo á Deputación, e a sociedade que teñen alí (equivalente a URBAOURENSE) mantivérona e se non saben por qué, explícallo. Non lle gusta mesturar allos con bugallos pero como se fixo alusión á sanidade pública e demais, pregúntalle á oposición cantos centros de saúde se pecharon cando gobernaban nunha época de máis bonanza económica. Reitera o voto en contra da moción e di que se desviou o seu debate.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que non se lle pode acusar de desviar o debate cando el dixo que se centraba no INORDE que é esta casa. Do patrimonio do Sr. Freire Couto non lle toca falar a el porque xa falan os seus compañeiros en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

Barbadás. Lembra que o Sr. Freire Couto escapou dos dous plenos que tiveron no concello. A palabra clave é exemplaridade que é a que teñen que dar. Díselles que desviaron o asunto e o portavoz do Grupo Popular citou o ano de goberno que leva Rajoy, e canto a isto di que hai un paralelismo entre os dous, que é que son do mesmo partido pero Rajoy cobra menos que o Sr. Freire Couto (outra razón para dimitir). Pide que polo menos teñan sensatez xa que non poden utilizar argumentos exemplarizantes. En canto ao que pasa en Lugo di que descoñece o tema, pero non estamos en Lugo que estamos en Ourense e aquí toca falar de Ourense e non de Lugo. En Ourense, cando se disolveu URBAOURENSE, houbo un señor que pasou a ser asesor do Sr. presidente cobrando 80.000 euros ao ano (para non pagarlle 220.000 de indemnización). Para finalizar di que o papel do INORDE é pésimo, e como tal piden o cese do seu presidente e a súa disolución, igual que disolveron URBAOURENSE, se desfizeron das granxas de cabalos e que lles van ter que seguir facendo caso ao que propón o Grupo Socialista, aínda que sexa pisando mocións doutros grupos cando as votan en contra e despois traer a mesma que rexeitaron buscando o aplauso fácil. Pode que os deputados do Grupo Socialista non sexan moi intelixentes, e antes cando falou dos comúns e dos lores foi porque hai un parlamento europeo de moita tradición no que se presentan esas cuestións, cousa que sabe ben o Sr. presidente porque é un seguidor desta terra. Isto non é cuestión de clases, senón que é cuestión de preparar os temas e sobre todo cando se cre no que se defende. Reitera a súa indignación como cargo público polo que está a acontecer co Sr. Freire Couto e por iso defende con dignidade, eficacia e contundencia as cuestións nas que cre.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, que queda rexeitada ao obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ALTA VELOCIDADE NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, quere dicir, en relación co punto anterior, que ao final ten razón, xa que o Sr. Freire Couto marchou tamén do Pleno. Continúa dicindo que hoxe viu unhas explicacións do Sr. presidente que lles terá que aclarar. Pensa que o grupo de goberno, polo menos, terá que coincidir con eles en que a alta velocidade

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

supón o investimento máis importante na rede de transportes do ferrocarril de España e de Europa e é vital para o desenvolvemento da nosa rexión, tendo en conta que a nosa provincia é a porta de entrada desta infraestrutura, polo que pensa que non é discutible a súa importancia para a tan chamada e cacarexada ourensanía. No anterior goberno o Partido Popular esixía que xa estiveran feitos algúns tramos incluso antes de licitalos, e o Sr. Feijóo exhibía un documento como se fose un logro seu, o famoso Pacto do Obradoiro en 2009, malia que no ano 2009, segundo dicía o PP, tamén había problemas graves dos que tiña a culpa o goberno socialista. Agora Núñez Feijóo quedou mudo e os problemas financeiros que se ían arranxar, lonxe de arranxalos cada día son máis graves. En canto ao tramo de Taboadela con Ourense Empalme, nestas últimas datas Fomento está valorando non acometer a posible variante dos 17 quilómetros que constitúe a chegada da alta velocidade a Ourense. Quere que quede claro que o goberno anterior deixou adxudicados os proxectos construtivos e conta xa, malia os impedimentos que poñía o Partido Popular desde a Xunta de Galicia, coa tan ansiada declaración de impacto medio ambiental. Preténdense aproveitar catorce quilómetros da liña actual entre a estación de Taboadela e a de Ourense Empalme nun tramo que non permite velocidades superiores a 110 quilómetros/hora, ao contar con curvas de 450 m de radio e atravesar o casco urbano ata chegar ao río Miño. De consumarse esta pretensión, a alta velocidade de Galicia poríase en servizo ao final das restantes de España e como guinda, na súa inauguración, fariamos a gran chapuza do tramo da vergoña. Isto, que podería parecer un asunto simplemente local, ten outra realidade, porque se se aproveita o tramo sinuoso Taboadela-Ourense, incrementaría a duración das viaxes de Madrid a Galicia en 15 minutos, o que suporía máis dun 10% do tempo estimado por Fomento, que son dúas horas ata a nosa cidade desde a capital de España. Estaríamos diante doutra das particularidades propias das afrontas que se lle fan á nosa provincia, xa que seríamos a única alta velocidade española de todo o estado español que contaría no seu proxecto cun tramo non apto para a alta velocidade, como sempre Ourense sitio distinto, pero para o malo. As razóns que baralla Fomento serían puramente económicas e baseadas en que o tramo, ao ser de integración urbana, pode admitir menores velocidades que o resto. Isto é unha falacia da ministra, pois o traxecto desde Taboadela a Ourense, e segundo o define o trazado exposto a información pública, transcorre nun 90% por terras de consideración rural, en gran parte polos concellos de Taboadela e San Cibrao, e no propio concello de Ourense non se alcanza o casco urbano ata os dous quilómetros antes da estación Empalme.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

Pero na escalada de mentiras, hai outra que se exhibe como a escusa perfecta, que é a esaxerada cifra do orzamento, estimado en 460 millóns de euros. Isto, segundo os técnicos, é imposible, pois a liña transcorre por unha zona sen especial dificultade, a orografía é similar á do tramo, xa en obras, de Porto-Taboadela, cuxo custo é de 16 millóns de euros por quilómetro de vía, incluíndo esta vía a elctricificación e sistemas de seguridade e comunicacións, polo que o custo do noso tramo, segundo Fomento, saíría a uns 24 millóns por quilómetro, custo que é superior ao tramo Lubián-Porto, que ten numerosos túneles. Pregúntalle ao Sr. presidente onde están agora as súas reivindicacións para o soterramento da estación que facía como presidente do Partido Popular, ou se xa se esqueceu delas. Pregúntalle tamén ao vicepresidente se quedou mudo agora como portavoz do Partido Popular no Concello de Ourense ou se é que ten un cesamento temporal co asunto, ou se é que a súa defensa da cidade (na que pretende ser alcalde) varía segundo quen estea no goberno central, pero con estes bandazos non vai chegar nunca a alcalde da cidade. Á vista de todo isto, o Grupo Socialista solicita que se esixa que se acelere a contratación do último tramo pendente de licitación entre Galicia e Madrid, o de Taboadela-Ourense (17 quilómetros) executándoo segundo a solución aprobada na Declaración de Impacto Ambiental do estudo informativo de integración urbana e con plenas características de alta velocidade ferroviaria e esixir que se acelere a contratación da estación intermodal da cidade de Ourense (a que tanto reivindicaba o Partido Popular) por ser unha infraestrutura fundamental para o pleno funcionamento da alta velocidade de Galicia. Cre que o Partido Popular, se tanto defende a tan cacarexada Ourensanía, votará a favor da moción.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, quere enlazar coa última intervención do portavoz popular noutro punto e lémbrale que o BNG leva a palabra nacionalista, e polo tanto defender a capacidade de decidir do pobo ao que pertencen non é nada raro. Postos a formular propostas concretas, pregúntalle onde está a defensa ante o desmantelamento da rede ferroviaria e onde está a administración medio ambiental da Xunta de Galicia que ten que mirar polas obras dos tramos do AVE da provincia, para que se atendan con respecto aos estudos de impacto ambiental, xa que existe unha complicidade evidente entre o goberno de Galicia e o do Estado, pero ao parecer non interesa defender a nosa rede ferroviaria, tan importante para o noso país. Continúa dicindo que unha vez máis volvemos reiterar o sempiterno debate sobre a chegada do AVE. Cando se falou por primeira vez do tren de alta velocidade foi polo ano 2005

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

no Concello de Ourense cando era alcalde Manuel Cabezas, co presidente da Deputación José Luis Baltar e co daquela conselleiro de política territorial da Xunta Alberto Núñez Feijoo. Ese día no salón de plenos do Concello, Feijoo propuxo o mantemento das liñas férreas nos seus corredores actuais, tanto en planta como en alzado, cun investimento previsto de 61,2 millóns de euros. Naquela foto non había ningún representante da administración estatal (daquela gobernaba Zapatero) pero o máis importante non era por onde entraba ou saía o AVE, senón que pretendían marcarlle o ritmo político a Zapatero porque viñan as eleccións. E nesas seguimos case dez anos despois. Un mes despois da foto da reunión viñeron as eleccións galegas e dous anos despois as municipais. Tanto no Concello como na Xunta foron o PSOE e o BNG os que tiveron a responsabilidade de goberno e fixeron un novo estudo de integración do AVE en Ourense. Nesta nova ocasión había que ter en conta que a chegada do AVE desde Santiago fixaba a cota de entrada á cidade e polo tanto quedaba fixada a cota onde tiña que empatar ese tramo. A variante leste cos seus novos túneles e o novo viaduto de Oira para conectar co corredor de Monforte foi presentada o 24 de xaneiro de 2008. Entón o Partido Popular o que fixo foi descolgarse do proxecto pedindo o soterramento das vías, como tamén solicitaba a CEO, cando o único xeito de salvar as diferenzas das cotas era desfacer o que xa estaba feito no tramo Amoeiro-Ourense. O certo é que cun discurso interesado a esta petición sumáronse máis persoas, creando na cidade un novo debate sobre se a estación debía ser soterrada ou non. Pouco tempo despois había novas eleccións galegas e o que é agora presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, reclamáballe ao ministro de fomento José Blanco o soterramento das vías como condición inescusable para formar parte do consorcio entre as tres administracións. O PP de Ourense levou no seu programa electoral esta mesma reivindicación nas eleccións municipais de 2011 e mentres, o alcalde socialista de Ourense, presentaba xunto cos seus compañeiros de partido e desoíndo á outra parte que daquela eran os seus compañeiros de goberno (BNG), a nova estación en superficie deseñada polo estudo de Norman Foster. Novas eleccións, neste caso en Madrid, e o goberno de Mariano Rajoy non reconece nin a adxudicación da nova estación, nin o que é máis grave, o acordo de 2008 da entrada do AVE en Ourense pola variante leste. Din agora que son necesarios máis estudos, cando levamos dez anos discutindo o mesmo, e que hai que adaptar o proxecto ás novas condicións económicas. Será por iso que xa non piden o soterramento, antes condición inescusable. De levarse a cabo a proposta que o goberno está a barallar, que é a de meter a entrada polo tramo existente,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

incrementaríanse os tempos da viaxe. Na consideración do BNG este é o enésimo engano do goberno do PP á cidadanía de Ourense, que tería graves consecuencias engadidas para a cidade polo grave risco que corre a aprobación definitiva do PXOM.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que el non acusa a ninguén que só dá datos dos que dispón. Pídelle ao Sr. Gómez Pérez que non recrimine ao Sr. Freire Couto porque se ausentase do salón, xa que se o fixo foi para non votar no punto que se refería a el. En canto ao que dixo de que o don Rosendo non ía chegar a alcalde, dille que non adiante acontecementos, xa que serán os galegos e as galegas da cidade e dos seus arredores os que o terán que decidir no seu momento e lembra que xa gañou as eleccións, pero non o deixaron gobernar. Di que respecta a deriva soberanista, pero lémbrelle ao Sr. Iglesias Pérez que ultimamente moita xente deixa a súa organización. Pregúntalle ao Sr. Iglesias Pérez onde estaba o BNG cando gobernou o bipartito ou cando durante case oito anos apoiaron o goberno do Sr. Zapatero. Anuncia que votarán a favor da moción, porque están convencidos de que esta é unha obra de transcendental importancia para Galicia e especialmente para Ourense. Como se falou de que o Partido Popular mentía, quere aclarar que en data 11 de febreiro de 2009, a ministra Magdalena Álvarez, contestoulle ao deputado do Parlamento Celso Delgado, o seguinte: *Señoría, el gobierno cumplirá con su compromiso y con su palabra de la llegada de la alta velocidad a Galicia en 2012.* Ante esta increíble resposta, don Celso Delgado preguntoulle o seguinte: *¿cómo es posible que, si entre Lubián y Ourense no se han licitado las obras, usted, Zapatero y Touriño puedan decir que va a estar en servicio en 2012?* E a Sra. ministra respondeu: *Hasta en nueve ocasiones me ha preguntado e interpelado su grupo por los plazos; tantas veces como me pregunten, tantas veces reiteraré el compromiso del actual gobierno socialista de que llegará la alta velocidad a Galicia en 2012.* Deixando á parte a mentira evidente de dona Magdalena Álvarez, a día de hoxe o compromiso do Partido Popular e do goberno de Mariano Rajoy coa alta velocidade é claro e conciso e de máxima prioridade. É evidente que desde que o PP chegou ao goberno de España, en decembro de 2011, a liña Olmedo-Lubián-Ourense recibiu un gran impulso. No ano 2012 o Ministerio de Fomento adxudicou obras nestes tramos por importe de 1.927 millóns de euros. Na provincia de Ourense, o goberno que preside Rajoy investiu, no ano 2012, 560 millóns de euros –a provincia española de máis investimento- e no ano 2013 figuran 534 millóns de euros –a segunda provincia-. En canto aos 17 quilómetros do treito Taboadela-Ourense o Grupo Popular pensa que sería unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

decisión moi desacertada que os últimos quilómetros da liña de alta velocidade entre Galicia e Madrid puidesen construírse aproveitando a liña actual. O Grupo Provincial do Partido Popular entende que procede seguir adiante na redacción dos proxectos en que se divide a variante (Taboadela-Seixalvo e Seixalvo-Ourense). Son conscientes da actual situación orzamentaria na que vivimos, polo que procedería estudar con seriedade fórmulas que, mantendo os estándares de calidade, abaratasen os custos das obras e tamén estudar fórmulas que permitan axilizar ao máximo a licitación e a execución das ditas obras. Neste sentido, a ministra de Fomento hai uns días que se comprometeu publicamente para convocar a todas as forzas políticas e sociais para estudar todas aquelas alternativas posibles e avanzar nun proxecto que resulte viable técnica e economicamente, pero todas as administracións, non como nalgúns momentos nos que sobran a Xunta de Galicia e esta Deputación. O AVE é unha obra de todos e para todos os galegos, polo que o Grupo Popular tamén está aí, para reivindicar algo xusto e necesario para Galicia e para a nosa provincia.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que efectivamente o AVE é unha obra de todos os galegos e galegas e de todos os españois, pero é porque a pagan e non é unha obra do PP nin do PSOE nin de ningún partido. O Grupo Socialista está defendendo agora o mesmo que defendía antes, pero o Partido Popular non. Non defende para nada á Sra. ministra anterior, por iso se cesou no seu momento. Manifesta que, dos datos dos que dispón, non se lles están pagando as certificacións de obra dos tramos aos que se referiu o Sr. Álvarez Dobaño ás empresas, tamén, ao parecer, se van paralizar as obras nalgún deses tramos o día 27. Agradece o apoio á moción de todos os grupos, pero oféndelle que se diga unha cousa e despois se faga a contraria. Non hai moito o Grupo Popular presentou unha ocorrencia (unha moción) sobre o tramo que vai desde Ourense a Puebla de Sanabria. A dita moción chegou ao Senado e os senadores da provincia de Ourense votaron en contra, e quen a levou ao Senado foi dona Carmen Leite, senadora do Partido Popular por Ourense, polo que non pode crer en nada, xa que ao Sr. presidente non lle fan caso nin os seus. Falando do ferrocarril, pregunta por qué non se lles ensinan as estacións (que se están utilizando por traballadores das empresas do AVE) e que solicitaron xa hai un mes ou se é que se avergonzan delas e por iso non llas ensinan. O Grupo Socialista está e estaba a favor dunha infraestrutura básica, pero o Grupo Popular mudou a súa postura, porque nin cesan á ministra e nin sequera son capaces de facer dimitir ao presidente. O que pasa aquí é que parece que as mocións que presenta o Partido Popular ou os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

acordos que toma son só de cara á galería. O Grupo Popular ten a responsabilidade de gobernar e de facer valer os seus dereitos, e non abonda con que as cousas se aproben só aquí na Deputación, a non ser que sexan só un suposto de mocións.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que o Sr. Álvarez Dobaño o deixou moi preocupado cando dixo que o Partido Popular ten o compromiso de que o AVE non pase pola cidade pero van estudar fórmulas que abaraten as obras. Non sabe ben ao que se refire con abaratar, se será mirar para outro lado para que as empresas non fagan os investimentos que teñen que facer obrigatoriamente en materia medio ambiental, como pasa no resto dos tramos, ou se lle vai ceder o novo tren a Florentino Pérez para que faga o que queira e cobrarlles aos cidadáns de Ourense. Pregunta cal vai ser a fórmula de abaratar custos, porque as fórmulas que utiliza o Partido Popular non son as que quere a cidadanía. Está de acordo con que o problema da crise é claro, pero non con que sempre teña que perder este país polo mesmo motivo. A postura do BNG non variou un ápice, desde o principio sempre foi a mesma e pensan que deben ser os técnicos os que establezan cal é a mellor fórmula de integración; que o custo do proxecto non sexa o único factor determinante; que a estación sexa intermodal e que non haxa máis retrasos. Esta é e será a postura do BNG, non como fai o PP que varía segundo o proceso electoral no que nos atopemos. Quere remarcar a actitude do PP no Congreso dos Deputados ante unha emenda a unha proposta de resolución presentada polo BNG, na que dixeron que habería que facer estudos e falar cos gobernos central e autonómico para atopar a mellor solución. O que textualmente dixeron foi que este tramo segue sendo obxecto de estudo por parte dos técnicos e o seguirá a ser mentres non se poñan de acordo e dicir que é o que realmente queren. Manter o trazado da vía actual suporía non só demorar a chegada do AVE senón tamén incrementar os tempos dado que o tren acadaría como máximo unha velocidade de 110 km/hora. Para o BNG non caben máis dilacións, e por iso este Pleno ten que esixir que o goberno central cumpra o que prometeu durante a campaña e que fixaba como data de chegada do AVE a Ourense en 2018. Porén, estes cambios no proxecto e estas propostas de seguir a falar con outras administracións poden levar a finalización das obras ao ano 2022. Oxalá tiveramos as dúbidas resoltas, pero non é así, e esperan que dentro de dez anos non teñan outra vez as dúbidas sen resolver.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Gómez Pérez que a época económica do goberno de Zapatero e a da actualidade non son as mesmas. Pide

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

respecto para todos e en canto ás mentiras que lles asignan aos representantes do Grupo Popular no goberno di que non lembra que no goberno do Sr. Zapatero nin de dona Magdalena Álvarez pedisen a dimisión de ninguén. Non lembra tampouco que daquela se presentase ningunha moción neste sentido reivindicando nada pola oposición, senón que as presentan segundo quen governe no momento. En canto á preocupación do Sr. Iglesias Pérez porque hai que falar do asunto coa Sra. ministra e con tódalas forzas políticas e sociais da provincia, manifesta que agora preocupa pero cando gobernaba o PSOE a Xunta de Galicia e a Deputación sobran. En canto ás fórmulas de abaratar custos di que alguén cuestiona a cifra de 800 millóns de euros, seguramente ten razón, e se esa cifra non é así hai que estudala. En canto a que o BNG sempre ten o mesmo discurso, di que é evidente porque nunca gobernaron e só botan cartas aos Reis Magos. Tampouco viu que lle retiraran o apoio ao Sr. Zapatero durante os oito anos de goberno socialista ante as súas mentiras.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que xa contou ata vinte e cinco veces Zapatero neste pleno. Os socialistas están orgullosos de Zapatero, porque quen dixo que ían mudar as condicións económicas para arranxar todos os problemas foi o Partido Popular, e lonxe dixo o que fan é empeoralas. Na época do goberno socialista, aínda estando en mala situación económica, respectábanse aos máis débiles, non se pechaban colexios e os nenos non tiñan que levar o *taper* ao colexio, tampouco se pechaban hospitais, etcétera, esa é a diferenza entre o Partido Socialista e o Partido Popular, que aproveita a mala situación económica para facerlles dano aos máis débiles. Pídelle ao portavoz popular que lle diga unha soa lei de ámbito social que aprobase o Partido Popular no goberno de España. O portavoz popular sempre fala do bipartito e ao mellor é porque o bota de menos, xa que o seu concello (Muíños) recibía máis diñeiro co goberno bipartito que co goberno do Partido Popular. E para finalizar e en relación con que non deixaron gobernar ao Sr. Rosendo no concello de Ourense gañando as eleccións, pregúntase onde está o respecto á democracia se dous grupos queren gobernar xuntos, pero en Extremadura xúntanse aínda que sexa co Partido Comunista para desbancar ao Partido Socialista e iso si é democracia.

O **Sr. presidente** di que, en canto a que o Sr. Gómez Pérez dixo que se nomeara a Zapatero vinte e cinco veces, nesta última intervención do portavoz socialista non se nomeou nin unha soa vez a palabra AVE, que é o obxecto da moción.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo.

1º.- Esixir que se acelere a contratación do último tramo pendente de licitación entre Galicia e Madrid, o de Taboadela-Ourense (17 quilómetros), executándoo segundo a solución aprobada na Declaración de Impacto Ambiental do estudo informativo de integración urbana e con plenas características de alta velocidade ferroviaria.

2º.- Esixir que se acelere a contratación da Estación Intermodal da cidade de Ourense (Estación Central de Galicia) por ser unha infraestrutura fundamental para o pleno funcionamento da Alta Velocidade de Galicia.

**7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CORRUPCIÓN.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que defenda o contido da moción.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, antes de entrar no debate da moción, e en relación co que se di do seu grupo de que está marchando a xente, pregúntalle ao Sr. presidente cantos grupos están votando hoxe no Pleno, porque agora mesmo non o ten claro. Anuncia que acaba de aparecer nas redes que o Sr. Fabra tamén está imputado por suborno. A continuación dá lectura á moción, co seguinte contido: *Desde hai xa algún tempo, estamos a observar como a corrupción en xeral, e a de natureza política en particular, se está a converter nunha das principais preocupacións da cidadanía, pasando a ser, segundo a última enquisa do CIS, o segundo problema tan só por detrás do drama do paro. Son múltiples e variados os motivos desta preocupación causante da actual situación de desafección entre a cidadanía e a política, que nos deberían obrigar a facer unha profunda reflexión. En troques, e lonxe de buscar solucións para evitar esa lacra daniña, a resposta diante destes casos, case que sempre se limita a dicir: “ e ti máis ”. Toda a mañá o Sr. Álvarez Dobaño parece aquel avó dos contos, porque está contando sempre o mesmo e xa é cansiño e só se dedica a embarrar o terreo de xogo, que é o que se fai cando non se sabe xogar. Continúa co seguinte texto da moción: *A xustiza tampouco estivo á altura que require este grave problema, e non sempre por falla de medios, que tamén. En suma, a cada vez máis crecente indignación está a adquirir uns niveis de crispación dificilmente asumibles. Tanto é así, que a maioría das opinións vertidas nos distintos medios sinalan que é esixible a dimisión dos políticos imputados. Logo de ser**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

*elixido presidente provincial do Partido Popular no congreso celebrado recentemente, vostede señor Baltar manifestou "que non quere corruptos no seu partido"; mesmo creou unha área específica denominada de "transparencia". Desde o BNG aplaudimos o seu discurso en contra da corrupción, e porque cremos firmemente que coa corrupción política ten que haber tolerancia cero, por iso, en congruencia e coherencia co expresado, pensamos que vostede, debería de pasar das palabras aos feitos, e facer o propio con aqueles membros do seu partido, que están inmersos en distintos procesos xudiciais, e que son deputados na institución que preside. Estamos a referirnos aos deputados e alcaldes do Carballiño, imputado por tráfico de influencias e revelación de secretos, o de Baltar imputado por coaccións a varias persoas, ou Barbadás, que foi multado pola Axencia Tributaria despois de admitir "un pequeno desequilibrio" á hora de declarar o IRPF.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** o Grupo Socialista quere comezar a explicación desta moción manifestando que xa teñen dado mostras dabondo nunha cuestión clara, cunha frase que sempre repiten, o PSOE cando cre que é necesario denuncia os feitos presuntamente delituosos, pero non xulga, sobre todo durante estes meses. Agora ben, cando estes feitos acontecen uns denuncian e outros miran para outro lado, ou non acompañan. Foron moitas veces as que botaron en falta a implicación doutras forzas políticas, axentes sociais, etcétera, pero alá cada quen coa súa conciencia. Á vez que ninguén pode poñer en dúbida a loita do Partido Socialista durante anos, non son unha forza política baseada no oportunismo de cada momento e intentan ser o máis coherentes posibles coa súa forma de actuar; á vez que son moi contundentes ou dan a cara nas denuncias xudiciais, tamén procuran ser o máis ponderados posibles á hora de esixir as responsabilidades políticas derivadas das responsabilidades xudiciais. Segundo os tempos que marca a xustiza pedirán contundencia política, esta é a súa forma de actuar e así procurarán que sexa. Queren poñer en valor a exemplaridade da vida pública, e iso nesta Deputación está máis en interdito que nunca. Ten que dicir que o Grupo Socialista da Deputación, co seu portavoz á cabeza, condenan a corrupción, veña de onde veña e afecte a quen afecte. Por iso se lles faría un gran favor aos que están na vida pública con honradez, que ante calquera sospeita (como se trata nesta moción) a xustiza tivese a máxima axilidade, para determinar a culpabilidade ou a inocencia. Están practicamente de acordo co texto da moción, incluso no texto do acordo que se propón hai un

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

aspecto que atinxe aos deputados, aos que se lles pide a súa renuncia, que é que os representantes públicos deben ter un comportamento ético irreprochable e unha conduta exemplarizante. O Grupo Socialista da Deputación actúa libremente e toma as súas propias decisións e non actúan ao ditado de ninguén, e intentan ser coherentes. Neste sentido aquí existen tres cargos públicos con problemas diferentes e polo tanto entenden que a votación debería ser por separado, ponderada e adaptada aos tempos e ás acusacións formuladas. Primeiro, o Sr. alcalde de Baltar ten xuízo aberto e está procesado por coaccións a varias persoas do Partido Socialista, que foi quen o denunciaron e está constituído en parte e dando a cara como sempre; polo que neste caso están de acordo en pedir a súa dimisión e incluso lles parece que ao Sr. presidente neste caso lle tremeu a man, pois o teatro de irse ao grupo dos non adscritos e votar co PP é unha burla e se non é así pide que lle aclaren cal é a súa situación. Lembra que aínda apelando á presunción de inocencia, o Partido Socialista tivo que tomar decisións moi dolorosas en plena campaña electoral, así como o BNG tamén, e algúns casos foron absolutorios. Iso é exemplaridade non a do Sr. presidente e a do Sr. Feijóo alcalde de Baltar. En canto ao Sr. Freire Couto di que é ao que máis se podería vincular co que se fala na moción, que se entende como corrupción urbanística ou doutro xeito, posto que hai informacións públicas que xa formularon na súa moción anterior, e o Sr. Freire Couto, lonxe de aclarar dúbidas aínda sementa máis, pero, curiosamente, sendo o máis próximo ao espírito da moción, aínda non ten ningunha acusación xudicial en marcha, polo que eles piden o seu cesamento e renuncia como presidente do INORDE por unha cuestión que lle atinxe á propia Deputación e dentro da mencionada conduta exemplarizante. Non estaría de máis que presentase a súa dimisión como deputado, pero en relación coa coherencia que piden cren que isto chegará no seu tempo e forma polas informacións que hai e pensan que tamén algunha actuación xudicial que se vai producir. Neste caso, o Sr. Baltar premiou ao Sr. Freire cun posto na executiva do Partido Popular, pensan que algo fallou posto que dixo que non quería supostos corruptos no seu partido. Oxalá estean equivocados, por iso apelan aos tempos e á presunción de inocencia. En canto ao Sr. alcalde do Carballiño, di que formalmente está imputado e non sabe se as súas explicacións públicas son froito da súa inocencia ou realmente non foron moi afortunadas, pero as medidas preventivas neste momento fan que sexan coherentes e respectan os tempos xudiciais. Reitera que non se poden votar conxuntamente porque os matices son importantes. Espera que para o portavoz do Partido Popular no Concello de Ourense tamén

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

sexan importantes os matices e teña a mesma coherencia. Pide que se acepte a emenda do seu grupo para que se vote cada caso por separado e así non os poderán acusar de oportunistas e demagogos.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que vai citar por última vez ao Sr. Zapatero e ao bipartito e pregunta por qué se avergonzan do seu pasado, el estaría orgulloso de que por unha vez na historia da nosa Galicia (como diría o BNG) gobernase o meu partido (ou aquela amalgama de partidos). En canto á moción para debater manifesta que nela se di que o Sr. presidente debe poñer en práctica o que predica e ser contundente no uso das súas facultades institucionais e que en congruencia co expresado no congreso do seu partido obligue aos deputados mencionados a renunciar á súa condición de deputado. Pregúntalles aos deputados do BNG a qué tempo se remontan ou se teñen morriña do pasado e o visten doutro xeito. Pregúntase tamén en base a qué ten que obrigar o Sr. presidente a esas renunciias. O Sr. Gómez Pérez xa xulgou aos tres deputados e díxose que había corruptos. En canto á postura do portavoz popular no Concello de Ourense, cre que é bastante coherente e así se debería valorar. Con esta moción estase pedindo que o presidente incumpra de xeito flagrante a lei, xa que estamos nun estado de dereito onde a liberdade é un principio básico. Pregúntase se o que queren é que o Sr. presidente ameace ou coaccione a outro deputado. Lembra que a dimisión é un acto persoal e voluntario e non se pode confundir dimitir con cesar. Por exemplo dimitir é o que non fixo o Sr. Quintana cando foi condenado por desbordes públicos ou o que tampouco fixo dona Tereixa Paz cando foi condenada por coaccións. Ningún deputado do PP se atopa con problemas xudiciais como consecuencia das súas responsabilidades como deputado ou por feitos derivados da súa xestión como membro da Deputación. Son piares básicos do noso ordenamento a presunción de inocencia (á que se apela sempre e se practica pouco) e o respecto aos procedementos xudiciais. É certo que dous deputados están imputados xudicialmente e os dous teñen unha situación concreta e determinada. Como consecuencia desta situación aplicaráselles o que corresponda, pero farao o Partido Popular non a oposición. A coherencia que piden (xa que o Grupo Socialista tamén está de acordo) deberían predicala respecto do seu grupo cando cogobernan ou non axudar a que gobernen outras forzas que tamén contan con imputados xudiciais, algúns por partida dobre. Pídelle ao BNG que presenten esta iniciativa no Concello de Ourense. Pide tamén que non se condene a quen non ten problemas xudiciais (como o Sr. Freire) e non fagan oposición de Intervú. Reitera o pedimento de respecto,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

responsabilidade e sentido. Pregunta qué pasou co tema dos paneis, e os mesmos membros do BNG dixeron que se lles fixera un dano irreparable aos Sres. Sánchez Vidal e García Mata, polo tanto hai que aplicarlles a mesma medicina a todos os supostos. Non se poden comparar os contidos e acusacións (presuntos enriquecementos e demais..). Deben aclarar que piden na moción, xa que solicitan que o Sr. presidente obrigue aos deputados e non sabe que é o que lle piden ao Pleno.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que o Sr. Álvarez Dobaño agora empeza a xogar coas palabras e el non vai facer fachenda das palabras. Di que el é filólogo, polo tanto sabe perfectamente o que é cesar, o que é dimitir e o que é “*a ti te dimito yo*”, como dixo un día un político do PP de Pontevedra. Pide respecto á orde do día e di que de dona Tereixa Paz xa se falou no seu momento e todos os veciños de Barbadás saben cal foi a súa actuación e saben tamén que foi en defensa dos intereses do concello. Pídelle que mire para a súa casa, que ten moito que varrer, e non vexa a palla no ollo alleo cando non é capaz de ver trabes na súa. En canto aos paneis, pensa que volvemos outra vez ao século XIX e di que os imputados nese caso foron absoltos. Pide que se fale do que se está a facer agora e que o Sr. presidente dimita aos deputados ou que os cese ou que se vaian do mesmo foro onde esta el, porque el non ten nada que ocultar. Tamén pide que se defendan eles que non se agochen como mouchos que parecen un fato de caladiños. Continúa dicindo que o dereito á presunción de inocencia é a pedra angular da democracia e obriga a unha rigorosa xestión das investigacións xudiciais. Ninguén é culpábel até que non se lle condene de xeito definitivo, o que implica amplos dereitos de defensa, proposición de proba e recurso. O BNG pide responsabilidade política parta os tres deputados. O sistema reclama que a calidade de imputado requira dun avance indiciario máis sólido, para evitarmos xuízos mediáticos e a chamada “pena de banco” que sofren os imputados inocentes, ás veces durante meses e anos. Máis noutro plano, o da boa gobernanza, compre distinguirmos entre responsabilidade penal e responsabilidade política. E, dende estes parámetros, a continuidade como deputados de don Argimiro Marnotes, don Jose Antonio Feijoo e do defraudador don Jose Manuel Freire Couto, logo de ser imputados de delitos intimamente vinculados coa autoridade que deriva do seu mandato democrático, no caso dos dous primeiros, e de fraude fiscal no caso do terceiro é insostíbel na Deputación. Estes feitos fan que tanto nos seus concellos como na Deputación, serían cadansúas administracións locais as que sufrirían a continua sospeita de parcialidade no que atinxe á súa xestión política.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

Sospeita grave en calquera conxuntura e moito máis na actual de grave recesión e degradación na imaxe que a cidadanía ten das institucións. Para o BNG non valen escusas e, desde o respecto máis escrupuloso coa presunción de inocencia, entenden que unha cousa son as posíbeis responsabilidades penais, se as houber (nas que non entran) e outra ben distinta as responsabilidades políticas. Remítese a que o presidente do Partido Popular de Ourense e o presidente da Deputación de Ourense hoxe son a mesma persoa. No plano político, o presidente da Deputación de Ourense escolleu a transparencia máxima, no último congreso como sinal de identidade para o PP de Ourense, unha forza política con sedes e cargos de cristal (segundo palabras do seu presidente), pois ben, se isto é así, ningún dos tres deputados é digno de ocupar o escano que hoxe ocupa, a non ser que dentro da transparencia vaia distinguir graos. Polo de pronto xa parece que se aplican distintos graos de transparencia segundo a persoa. A que se lle aplica ao señor Feijoo, que por estar imputado é apartado do PP e ademais ábreselle un expediente, xa non é a mesma que se lle aplica ao señor Marnotes que tamén está imputado pero sen expediente por parte do PP, aínda que iso si, sen ningún cargo (igual que o señor Feijoo) dentro da nova executiva. Por outra banda o defraudador ten outro tratamento, xa que por cometer fraude fiscal e dolo, é premiado cun posto dentro do organigrama de dirección do PP co cargo de vicesecretario (podíanlle dar o cargo de tesoureiro ou o da transparencia). Pídelle ao Sr. presidente que faga efectivo o compromiso que adquiriu coa súa militancia e coa cidadanía en xeral de transparencia máxima, e xa que eles non tiveron a coraxe e a decencia de dimitir voluntariamente, que os cese, os dimita ou que faga que marchen da Deputación e que non ostenten cargos públicos. De non ser así, todos os xestos que faga: cartas de compromisos asinadas antes de acabar un discurso, área de transparencia etcétera, quedarán só en xestos, como un brinde ao sol, para que todo siga como estaba. Como di un refrán portugués: “fas que fas e non fas nada”.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, cando antes dixo que intentaban ser coherentes fíxoo cun certo rigor. Sabe que quen ten que dimitir son os deputados, por iso dicía que non se podía englobar a todos nas mesmas accións, polo que pedían que se votase por separado cada un dos tres deputados. O Grupo Socialista quere ser coherente e respectar a presunción de inocencia. Tamén é verdade que cando un grupo é coñecedor dun delito que se produce nunha administración e non o denuncia está incorrendo en deixamento de funcións, por iso antes dixo que o seu grupo cando é coñecedor de determinadas cuestións acode

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

onde ten que acudir para denunciar e dar a cara. O Grupo Socialista hoxe está capacitado para pedir a dimisión do Sr. Feijóo Alonso, porque eles o denunciaron, pero non para o Sr. Marnotes porque eles non denunciaron e aínda terá que explicar el como está a súa situación. Cando denunciaron ao Sr. Freire Couto, que é unha cuestión máis exemplar de tipo xudicial, hai que ser coherentes. O Sr. presidente pode cesar ás persoas, pero o que non pode é, aproveitándose das debilidades humanas, pasar ao grupo dos non adscritos a un deputado socialista, que se tivo que sentar ao seu carón, e el non quere sentarse con ese tipo de xente. Pregunta se o Sr. Feijóo Alonso segue estando no Grupo Popular e se segue formando parte do grupo de goberno. Anuncia que se non se vota por separado o seu grupo se vai abster, porque non son todos os casos iguais. Reitera a coherencia e a asunción de responsabilidade. Noutro pleno, os deputados do Grupo Popular dixeron que eran corresponsables de todo o que fixera o anterior presidente, e se a xustiza acaba condenando ao Sr. expresidente, entón si que terán que dimitir todos e marchar. Falouse de coaccionar e a única persoa que coaccionou a persoas que ían nas listas do Partido Socialista foi o Sr. Feijóo Alonso. Recoñece que non hai ningún deputado como tal con procesos xudiciais senón que eses procesos veñen por ocupar outro cargo e ao mellor a moción está incompleta, porque, segundo os medios de comunicación, acaban de denunciar tamén ao Sr. alcalde de Xinzo de Limia, pero como alcalde e non como deputado.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, cre que é unha postura intelixente a abstención do Grupo Socialista, por se acaso e porque en todos os sitios cocen fabas. Manifesta que el é portavoz dun só grupo político na Deputación e que só hai un grupo de goberno. En canto á pregunta que fixo o Sr. Gómez de cantas leis aprobou o Partido Popular sobre o chamado estado de benestar, di que se alegra de que o Sr. Gómez estea orgulloso do pasado, pero entón non o pode criticar cando fala de Zapatero nin do bipartito. O pasado é tanto para o bo como para o malo e lembra que nos últimos procesos electorais, autonómicos, municipais e xerais, gañou o Partido Popular por maioría. Parece que hai diferentes Partidos Socialistas, porque segundo dixo o Sr. Gómez eles aquí fan o que lles dá a gana sen seguir unhas directrices de partido. Nesta bancada non hai ningún deputado de grupo non adscrito, pero si hai deputados que voluntariamente e sen coaccións pediron a suspensión de militancia mentres se tramitan os seus procesos. En canto á presunción de inocencia di que aquí non se practica porque xa condenan antes que a xustiza. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que debería pedirilles desculpas aos deputados populares por chamarlles mouchos. Falando de repeticións

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

dille ao portavoz do BNG que tamén el repite o de embarrar o campo, aínda que pensa que non embarra nada e que fala bastante claro (xa dixo a Sra. Vázquez Blanco que era moi previsible e quen é previsible non pode embarrar o campo). En canto aos paneis di que o puxo como exemplo para que non se practique o mesmo, xa que se falou dun dano irreparable e despois saíron absoltos. En canto ás reiteradas peticións de que o Sr. presidente dimita aos tres deputados, di que para el iso non é democracia e se o Sr. presidente actuase dese xeito el sería o primeiro en marchar e cre que todos os deputados do Grupo Popular. Reitera que esta mesma proposta teríana que presentar no Concello, pero alí non o fan porque gobernan na sombra. Pide máis seriedade nas propostas e menos recadiños aos medios de comunicación, porque esta institución merece algo máis da nosa parte.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que só faltaría que agora lle dixeran o que pode ou non pode dicirlles aos medios de comunicación. Lembra que don José Manuel Baltar dixo: “os corruptos en todas as súas formas, estratexias e ramificacións non teñen cabida na política. A rexeneración democrática empeza polo exemplo que temos que dar os políticos. A única vía para a obrigada rexeneración será que os cidadáns perciban novos comportamentos e actitudes máis rixidas nas organizacións políticas. O PP de Ourense terá un responsable provincial de transparencia”. Dille ao señor presidente que ten a oportunidade de pór en práctica o que predica e ser contundente no uso das súas facultades institucionais, polo que o cominan a que, en congruencia co expresado no congreso do seu partido, obrigue aos deputados arriba mencionados a renunciar á súa condición de deputado por amosar, á marxe do que decidan os tribunais, unha actitude impropia e inapropiada de quen como representante público debe ter unha conduta exemplarizante. Non quere volver entrar no tema dos paneis, pero daquela todos os seus compañeiros implicados dimitiron. Retira o de mouchos, aínda que só a utilizou como unha comparativa e non para ofender, pero o de caladiños non o retira, porque caladiños si que están. Pensou ao principio que un dos deputados obxecto da moción xa fuxira, pero volveu e volve estar sentado. Reitera a petición de congruencia coas palabras que se lles prometen aos cidadáns, e se non é así o BNG estará sempre para dicir que as súas palabras caen en papel mollado con esta actuación.

**O Sr. presidente** dálle as grazas ao Sr. Rodríguez Puga por seguir o congreso do Partido Popular, pero cre que xa quedou claro que na súa formación non entran as palabras de obrigar a, porque non forman parte da esencia da democracia. Antes de someter a votación a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

moción, manifesta que o portavoz socialista solicitou que se votasen por separado os tres casos e para que isto sexa así debe establecerse, como di o artigo 4.c) do Regulamento da Deputación, que haxa acordo unánime entre os grupo políticos. Pregúntalle ao Sr. Rodríguez Puga se acepta a proposta do Grupo Socialista de votar por separado.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que non aceptan a votación por separado e deixan a moción tal e como está.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción tal e como foi presentada, que queda rexeitada ao obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

**8º.- DACIÓN DE CONTADA ACTA DA REUNIÓN DO XURADO ENCARGADO DE DITAMINA-LO PREMIO “OTERO PEDRAYO 2012”.-**

Dáse conta da acta da reunión do dito xurado, co seguinte contido:

<b>ACTA DA REUNIÓN DO XURADO ENCARGADO DE DITAMINA-LO PREMIO "OTERO PEDRAYO 2012 "</b>
--

No Centro Cultural “Marcos Valcárcel” da Deputación de Ourense, ás doce horas e trinta minutos do día dezoito de marzo de dous mil trece, previamente convocados para o efecto, reúnen os membros do xurado do referido premio, segundo bases publicadas no BOP n.º 130, do 8 de xuño de 2012, asistindo as persoas que se relacionan:

**PRESIDENTE:** Don Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura, en substitución do Presidente da Xunta de Galicia.

**VICEPRESIDENTE:** Don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación de Ourense.

**VOGAIS:**

Dona Begoña Estévez Bernárdez, deputada provincial da Deputación Provincial de Pontevedra.

Don Mario Outeiro Iglesias, deputado delegado de Cultura da Deputación Provincial de Lugo.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, vicepresidente da Deputación Provincial de Ourense.

Don Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, en substitución do Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia.

Don Francisco R. Durán Villa, vicerreitor de estudantes, cultura e formación continua da Universidade de Santiago de Compostela.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

Don Xosé Henrique Costas González, vicerreitor de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo.

Dona M.<sup>a</sup> do Carme Fernández Pérez-Sanjulián, profesora e directora do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña.

Don Darío Xohán Cabana Yanes, académico numerario da Real Academia Galega.

Don Antonio Piñeiro Feijóo, xornalista e escritor designado pola Deputación Provincial de Ourense como persoa de recoñecida autoridade científica e literaria.

Don Lois Diéguez Vázquez, escritor e membro do Consello de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, como persoa de recoñecida autoridade científica e literaria, designado pola Deputación Provincial de Lugo.

Don Felipe Senén López Gómez, técnico de xestión cultural, designado como persoa de recoñecida autoridade científica e literaria pola Deputación Provincial da Coruña.

**SECRETARIO:** Don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense.

Escusan a súa ausencia, ademais das persoas substituídas que se indicaron, dona M.<sup>a</sup> Elvira Padín Fernández, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña, don Eduardo Pardo de Guevara, director do Instituto de Estudos Padre Sarmiento e don Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra, designado como persoa de recoñecida autoridade científica e literaria, por esta Deputación Provincial.

**1.- Constitución do xurado do Premio “Otero Pedrayo 2012”:**

Unha vez comprobada a existencia de quórum suficiente, ó concorrer máis da metade dos membros que integran o xurado, o presidente declara este validamente constituído.

**2.- Estudo da única proposta presentada e formulación do ditame do xurado:**

O presidente do xurado dá conta de que conforme á certificación expedida polo secretario, durante o prazo establecido nas bases, presentouse unha candidatura, formulada por Editorial Galaxia a favor da Revista Grial.

O Sr. presidente sinala que de conformidade co establecido na base 3.2, parágrafo 4º, o xurado pode formular outras propostas, unha vez constituído, preguntándoseles ós asistentes se alguén desexa formular algunha candidatura adicional.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

Don José Manuel Baltar Blanco presenta a candidatura de don Xosé Luis Méndez Ferrín, dando lectura a unha proposta motivada que se incorpora como anexo a esta acta, ó igual que a proposta da candidatura formulada por Editorial Galaxia.

Don Mario Outeiro Iglesias presenta a candidatura de don Francisco Carballo Carballo, dando lectura a unha proposta motivada, que se incorpora como anexo á presente acta.

Seguidamente, pola Presidencia ábrese unha quenda de intervencións en relación coas tres candidaturas presentadas.

Don Lois Diéguez Vázquez manifesta o seu apoio á candidatura de don Francisco Carballo Carballo, sen prexuízo da consideración de que as outras dúas candidaturas revisten tamén un extraordinario interese. Subliña a contribución de don Francisco Carballo á cultura galega, en particular o seu esforzo investigador no campo da historia de Galicia, especialmente na historia da Igrexa galega e no relativo a períodos pouco estudados, como o século XVIII.

Don Darío Xohán Cabana fai constar que pese a ser académico numerario da Real Academia Galega, non está suxeito a ningún mandato imperativo desta institución. Seguidamente, manifesta o seu apoio entusiasta á proposta do Presidente da Deputación de Ourense, que considera especialmente adecuada nestes momentos e cuxo candidato, don Xosé Luis Méndez Ferrín, é un persoeiro cunha condición xigantesca. Unha figura excepcional das que poucas veces se dan na historia e que pode compararse coa de don Ramón Otero Pedrayo. Subliña o extraordinario valor da obra periodística de Méndez Ferrín, integrada por máis de 3.000 artigos, desde o primeiro que publicou con 15 anos na Revista Litoral de Pontevedra, en tódolos que se mantén unha alta tensión literaria, científica e estilística, integrando unha obra dunha dimensión comparable á de Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Umberto Eco.

Don Xosé Henrique Costas González, sinala que as tres propostas presentadas son magníficas e dificilmente comparables, manifestando o seu apoio á candidatura de Méndez Ferrín na que concorre a circunstancia de ser doutor honoris causa pola Universidade de Vigo, sinalando que a súa obra de investigación aínda non foi superada.

Dona M.<sup>a</sup> do Carme Fernández Pérez-Sanjulián manifesta a dificultade de decantarse por unha destas propostas dado que non son comparables. Sinala que a figura de Méndez Ferrín é estelar e está moi ben traída a súa relación con Otero Pedrayo. Non obstante, resalta o labor de Editorial Galaxia a través da Revista Grial e a importancia dos movementos culturais de bases

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

como foi o caso de promoción cultural A Nosa Terra, quizais menos visible e recoñecido, pero igualmente importante, entendendo que a candidatura de Francisco Carballo recolle este aspecto.

Don Antonio Piñeiro manifesta que a decisión que se adopte debe de prescindir da anécdota da actualidade e da actual polémica existente en torno á Real Academia Galega, xa que a figura de Méndez Ferrín está por enriba diso e engade que a elección dunha das candidaturas non debe entenderse como unha opción nun debate entre distintos camiños ou modelos para o fomento da cultura galega.

Concluído o debate, a Presidencia somete a votación as candidaturas presentadas, propondo que a votación se realice a dobre volta.

Realizada a votación, a candidatura da Revista Grial non obtén ningún voto, obtendo catro votos a candidatura de don Francisco Carballo Carballo e nove votos a candidatura de don Xosé Luis Méndez Ferrín.

Dado o resultado da votación, considérase innecesaria a realización dunha segunda votación, proclamándose por maioría de votos a concesión do Premio Otero Pedrayo 2012 ó escritor don Xosé Luis Méndez Ferrín,

Proclamado o fallo do presidente, e ó non haber máis asuntos que tratar, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día antes mencionado dáse por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta que asinan os membros do xurado, do que eu, o secretario, dou fe”.

Os membros da Corporación quedan informados.

### **9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS PREFERENTES E AS SUBORDINADAS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, antes de nada quere darlles a benvida a todas as persoas que ocupan o salón de plenos, e sobre todo o parabén pola súa coraxe e dignidade por defender unha causa que para o BNG será sempre a súa causa ata o final, xa que tratan de recuperar o diñeiro que lles corresponde porque é deles. A continuación dá lectura á moción, co seguinte contido: *“A instancia da Defensora del Pueblo vén de realizarse un informe sobre as participacións preferentes e subordinadas, no que se cuestiona que os sistemas arbitraris das entidades financeiras intervidas polo Estado, utilicen unha consultora privada externa para seleccionar aos/ás clientes/as prexudicados con dereito a arbitrase. Lembra, no documento, que en Novagalicia se designou unha consultora externa que*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

*decide en que casos se colocaron estes produtos financeiros de forma inadecuada, por iso cuestiona o feito de que unha entidade privada como a consultora externa, que ten un custo, decida quen ten dereito á vía arbitral cando se trata de entidades que agora están controladas polo Estado. O informe alerta sobre a inseguridade xurídica que causa esta decisión sobre un trato distinto para situacións que na súa orixe son iguais. Por se fora pouco, o Banco de España, propón como solución alternativa aos/ás estafados/as polas preferentes adquiridas á banca intervida que non consigan recuperar o seu diñeiro mediante a vía da arbitrase, trocar estes títulos por accións, que á súa vez serán recompradas, segundo todos os indicios, polo Fondo de Garantía de Depósito. Iso si, antes de que se produza o cambio de títulos aplicaráselles unha quita, que no caso de Novagalicia Banco situarase nun abano que vai entre o 10% e o 55%, porcentaxe que variará en función das características das preferentes. Deste xeito, os/as estafados/as que adquiriron estes produtos asumirán parte do rescate bancario (5.425 millóns no caso de NGB) por imperativo de Bruxelas, que os considera inversores e non aforradores. O importe a recuperar, é dicir, o 50 % restante do investido, non se recupera en forma de diñeiro, senón que poderá comezar a trocarse por accións, pero, dado que Novagalicia Banco non cotiza en Bolsa, o Ministerio de Economía decidiu que sexa o Fondo de Garantía de Depósitos o encargado de dar liquidez aos propietarios de preferentes, e garantir así a recuperación do diñeiro, adquirindo os títulos que, en total, supoñen o 30 % do capital do banco. Para o BNG, detrás desta fórmula podería estar unha manobra para evitar que os/as afectados/as estean presentes no consello de administración da entidade ao posuír o 30 % da entidade tralo troco das accións, ademais do feito de que produto da precaria situación de recursos que presenta o Fondo de Garantía de Depósitos, tras custear os distintos procesos de saneamento e venda das antigas caixas de aforros, careza de liquidez para afrontar os pagos. E mentres se perpetra esta monumental estafa, os gobernos galego e español miran para outro lado, agardando que o problema se resolva grazas á boa vontade da Banca e legislando en sentido inverso aos intereses dos estafados/as, que pronto pasarán a ser roubados/as. Por todo o anterior o grupo provincial do BNG, solicita: 1º.- O Pleno da Deputación rexeita o procedemento articulado polo Goberno do Estado que supón unha quita de máis do 50% aos aforradores e aforradoras. 2º.-O Pleno da Deputación insta ao Goberno da Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado para que garanta das entidades bancarias a devolución íntegra dos ingresos dos aforradores/as.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, dálles a especial benvida aos afectados polas preferentes que se atopan no salón de plenos e as grazas por aguantar estoicamente este debate plenario e ter agardar tanto tempo a que se trate o punto polo que eles están hoxe aquí e tamén por agardar para coñecer cal vai ser a postura do Grupo Popular, xa que tanto o BNG como o PSdeG a teñen moi clara e están ao lado dos afectados polas preferentes e subordinadas. Espera que no debate desta moción se alcance o consenso que se conseguiu no Parlamento Galego, porque ante a situación límite que están vivindo milleiros de familias de toda Galicia, as institucións teñen a obriga de involucrarse na busca de solucións ou en facilitar a tramitación das reclamacións que realicen os afectados polas preferentes e subordinadas. En Ourense as cifras oficiais indican que 7.662 persoas presentaron demanda de arbitraje, pero ademais destes aforradores, hai moitos ourensáns que non fixeron aínda ningún tipo de reclamación. Detrás destes centos de persoas hai un drama, unha historia demoledora de engano, suposta venda fraudulenta de produtos financeiros, hai, en suma, estafa. E estas persoas non poden ser abandonadas á súa sorte, institucións de ámbito provincial como a Deputación teñen que artellar mecanismos de apoio e asesoramento para a busca dunha solución viable para recuperar o diñeiro investido. En concellos como Tui estase facendo e o alcalde xa anunciou que o concello custeará as demandas dos veciños que cheguen á vía xudicial. É cuestión de poñerse no lugar dos afectados, das persoas que foron vítimas dun engano. Anuncia que farán unha engádega in voce, para a posta dos servizos xurídicos da Deputación a disposición dos afectados. Continúa dicindo que o presidente da Xunta presume de que Galicia é unha abandeirada nos procesos de arbitraje, pero o que non di é que no seu momento e cando lle interesou propiciou a súa axilización. Hai que lembrar que antes das eleccións autonómicas resolvíanse unha media de cen casos diarios, en tanto que na actualidade este ritmo se foi reducindo e aínda están pendentes de resolución os casos de 30.000 persoas, unha cifra moi considerable. Ao principio había oito árbitros e hoxe só hai dous. O Grupo Socialista, a raíz da presentación desta moción, quere que se axilicen as arbitraxes. Lembra que noutras ocasións os deputados do PP non consideraron procedente apoiar propostas que axuden aos titulares de participacións preferentes e obrigas subordinadas. Hoxe estamos nunha situación límite, previsiblemente o Consello de Ministros aprobará hoxe unha derrama obrigatoria da banca ao Fondo de Garantía de Depósitos; pola tarde estamos á espera de que o FROB comunique as

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

condicións do troco dos produtos. A institución provincial ten que pórse ao dispor dos afectados, dos centos de ourensáns e ourensás que se viron enganados. Ten que posicionarse a carón destas persoas estafadas, ofrecendo, por exemplo, un respaldo personalizado e gratuíto aos afectados no caso de chegar á vía xudicial. Moitas delas son persoas anciás, noutros casos son mozos que están entre a espada e a parede, pois non teñen opción: o desafiuzamento das súas vivendas ou perder todo o que investiron. En suma, cidadáns que piden que os seus representantes fagan os deberes. Non podemos agardar a que en calquera momento ocorra unha desgraza para tomar medidas. Dille ao Sr. presidente que o seu predecesor no cargo parece ser que se comprometeu dun xeito informal en transmitirlle o seu posicionamento a favor de apoiar aos afectados e afectadas polas preferentes e subordinadas na provincia de Ourense. Non saben se lle deu o recado ou non, pero o que está claro é que o Sr. presidente ten que asumir compromisos ante problemas que dun xeito ou doutro afectan a numerosas familias da provincia de Ourense. E hoxe pídenlle non só un xesto ou unha chiscadela, senón que lle esixen feitos. Hoxe coñeceremos máis datos sobre os pormenores da quita, que podería chegar ata un 55-70 por cento. Saberemos con certeza que o diñeiro que os afectados de Novagalicia Banco conserven tras esa quita converteranse en títulos que só poderán trocarse por diñeiro a través do Fondo de Garantía de Depósitos. En suma, a pescada que se morde a cola, e todo para que os aforradores vaian perdendo diñeiro en todos estes trámites que prexudican seriamente ás súas economías. Para o Partido Socialista só hai unha solución: a devolución dos aforros. A quita non é unha solución e máis tendo en conta que supostamente os propietarios que recorran ao troco renuncian á vía xudicial. Temos que poñernos do lado dos afectados. Na provincia de Ourense só se aceptou a vía da arbitrase para unha cuarta parte dos aforradores (1862 persoas), pero hai que pensar nas 126 persoas de Laza, nas 92 de Maceda, nas 53 de Muíños, nas 177 do Carballiño, nas 157 de Xinzo, nas 4 de Chandrexa, nas 68 de Cualedro, nas 33 de Trasmiras, nas 41 de Avión, nas 29 de Baltar, nas 15 de Baños, nas 63 de Barbadás, nas 143 de Pereiro ou nas 32 de Vilar de Barrio. Isto só é un exemplo de concellos gobernados polo Partido Popular. A engádegas in voce que propoñen é a seguinte: Que a Deputación busque mecanismos de apoio e asesoramento para a busca dunha solución viable para recuperar o diñeiro investido. É dicir, pór aos servizos xurídicos da Deputación ao servizo dos afectados.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que á marxe de certas consideracións que figuran na exposición de motivos da moción presentada polo BNG, adianta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

que o voto do Grupo Popular vai ser a favor da proposta. Entenden e comparten as reivindicacións dos afectados e afectadas por estes produtos financeiros, na maioría dos casos pequenos aforradores que teñen aí os aforros de toda unha vida. En todo caso quere deixar claro que das nove emisións vixentes de participacións preferentes feitas polas caixas galegas, cinco foron entre os anos 2005-2008, cando ocupaba o goberno galego o bipartito, e oito delas (o 90% do importe emitido) co goberno socialista en Madrid, que era quen debería exercer o control a través da Comisión Nacional de Mercado de Valores do Banco de España. Foron o Banco de España e a Comisión Nacional de Mercado de Valores quen permitiron a comercialización inadecuada destes produtos a pequenos aforradores mentres o goberno de España estaba dirixido por quen estaba. O problema non é a existencia das participacións preferentes. O problema real é a súa incorrecta comercialización, cuestión derivada da falta de control exercido polo goberno de Madrid, que contou co apoio do BNG. A existencia inxusta de quitas non é a decisión do goberno central, é decisión da Comisión Europea e hai que traballar para que se eliminen nos casos de comercialización indebida. A Comisión Europea da Competencia ten normas que hai que cumprir obrigatoriamente (apela á Sra. Morenza, xa que ten máis fío directo co comisario europeo da competencia, para que faga algo, xa que todas as axudas son importantes). Entre todos temos que arranxar o enorme problema da comercialización indebida destes instrumentos. Hai que tentar arranxar a deficiente supervisión efectuada pola Comisión Nacional de Mercado de Valores e polo Banco de España, pero dentro do contexto normativo que nos impón Bruxelas. Por iso é preciso o acordo coa Comisión Europea da Competencia, para que retire a esixencia de quitas para as persoas afectadas por unha comercialización indebida. Quere lembrar que o Partido Popular de Galicia defendeu sempre a recuperación dos cartos par parte dos aforradores que sufriron unha comercialización indebida. Neste sentido, Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma que puxo en marcha o sistema de arbitraje. Lembren que este sistema de arbitraje foi vilipendiado no seu inicio, pero o paso do tempo está a darnos a razón, sendo solicitado e admitido polas asociacións de afectados. A arbitraje fai que Galicia sexa o único lugar no que preto de 14.500 familias recuperaron integramente os seus aforros. Un sistema que ten que ser aceptado caso a caso polas dúas partes implicadas, e no que a Xunta, a través do Instituto Galego de Consumo, ten traballando a un elevado número de árbitros de xeito que, desde que se acepta o sometemento á arbitraje polas dúas partes, a vista ten lugar de xeito case inmediato. Este sistema vai ser utilizado agora por outras comunidades

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

autónomas, e mesmo polo Estado. Para o Grupo Popular esta é a solución para a recuperación dos cartos polos aforradores e entenden que é preciso traballar de xeito realista e sen venderlles fume aos afectados por parte de ninguén. En resumo, a solución pasa pola arbitrase nuns casos, pola vía xudicial noutros, e en todos os casos polo apoio político nas distintas administracións públicas, cada unha coa súa responsabilidade. Os que estamos aquí debemos dar exemplo á marxe do respecto que nos debemos uns aos outros. Este goberno provincial apoia clara e decididamente aos afectados polas participacións preferentes e as obrigas subordinadas.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que se congratulan de que ao Partido Popular, de vez en cando, lle dean *ramalazos* de congruencia. Gustaríalle que na súa quenda de intervención puidese falar algunha das persoas que está na coordinadora, da cal é portavoz, para falar en nome de todos os que ocupan o salón de plenos e poder expoñer cal é a problemática que están vivindo día día.

O **Sr. presidente** pregúntalle ao portavoz do BNG se iso significa que renuncia á súa quenda de intervención, ao que o Sr. Rodríguez Puga contesta que si.

Continúa dicindo o **Sr. presidente** que para que iso suceda e segundo recolle o Regulamento, teñen que estar de acordo todos os grupos políticos, polo que lles solicita aos grupos que se pronuncien ao respecto. Tanto o Grupo Socialista como o Grupo Popular manifestan o seu acordo coa proposta do portavoz do BNG e tamén ceden as súas quendas de intervención.

Tanto o Sr. Rodríguez Puga como o Sr. Iglesias Pérez ceden os seus escanos a dúas persoas da plataforma de afectados.

O **Sr. presidente** prégalles aos representantes da plataforma de afectados que se senten nos escanos e que se dirixan ao Pleno para expresar o que consideren conveniente nun tempo máximo de doce minutos.

Toma a palabra don **Antolín Fernández Fernández**, da plataforma de afectados, agradecendo que se lle ceda a palabra ao grupo de afectados presentes no salón de sesións e tamén pola proposta que se trae hoxe aquí solicitando que se lles aboe o 100% dos seus aforros. Manifesta que levan máis dun ano loitando na rúa para a resolución deste problema. Ao principio os partidos políticos non se informaban de nada e agora parece que se están dando informando, pero para iso tiveron que saír á rúa. No verán, antes das eleccións autonómicas, o goberno da Xunta de Galicia (gobernado polo Partido Popular), decidiu sacar a arbitrase como

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

solución. Estas arbitaxes foron bastante rápidas ata o momento das eleccións autonómicas e despois paralizáronse. Naquel momento díxose que a vía da arbitrase se ía utilizar para solucionarlles o problema a todos os afectados, algo que aceptou a plataforma de Ourense, porque é unha vía económica e rápida. Agora piden que a vía da arbitrase se utilice ao cen por cen e para isto esta Deputación, neste Pleno, ten que aceptar a proposta, porque así quedaría recollido nunha acta, e se despois non se concreta na práctica, devolvéndolles os cartos a todas as persoas afectadas polo problema, este acordo non serviría para nada. Queren que este acordo sirva para algo concreto (devolver o 100% dos cartos a todos os afectados) polo que esixen que nun prazo concreto de tres ou catro meses todos os afectados dispoñan do 100% do seu diñeiro, sen quita de ningún tipo. Se dentro dese prazo segue a haber afectados que aínda non cobrasen, quere dicir que todos os políticos, e en primeiro lugar o PP porque é quen governa a Xunta de Galicia e quen governa o Estado e é quen ten o exercicio do poder, serían os responsables. Os partidos da oposición teñen que impulsar e apoiar as decisións que se tomen para que se devolva o 100%. Non lles vale andar mareando a perdiz e que pase o tempo e a xente quede polo camiño. A única fórmula para non quedar no camiño é a devolución do 100% e a práctica é que se aplique a arbitrase en Galicia (que xa empezou no mes de xullo) ao 100% dos afectados (excepto a 3 ou 4 investidores que na Caixa saben ben quen son). Se dentro de catro meses segue habendo persoas aínda co problema iso quere dicir que non se tomaron as decisións políticas necesarias para resolvelo e se isto fose así pide a dimisión de todos. Pide tamén que se practique o exercicio de responsabilidade por parte dos políticos que son os que representan aos cidadáns, pero que non lles conten contos chinos deixando pasar o tempo con debates sobre o bipartito, Feijoo, tu más, eu menos .... Reitera a petición de que se cumpra co que hoxe se vai acordar neste Pleno sobre a devolución do 100% do diñeiro e se non é así piden a dimisión de todos.

Intervén tamén **don Arístides Álvarez Arce**, da plataforma de afectados, dando as grazas tamén pola resolución que se vai tomar. Roga que se admita tamén a engádega in voce da portavoz do Grupo Socialista. Manifesta que Ourense foi a primeira provincia na que se lle dixo á Sra. Nava Castro que era un bo sistema para todos a vía da arbitrase, pero sempre que fose efectiva. Di tamén que dos 1.850 millóns de euros que hai entre preferentes e subordinadas, só se levan arbitrado 300 millóns de euros, quedando aínda unha cantidade inxente sen arbitrar. É certo que hai moita xente que si sabía o que facía e non responden por

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

esa xente. A maioría dos deputados deste Pleno son alcaldes e nalgún dos seus concellos hai un 14% de persoas arbitradas quedando aínda moitas sen arbitrar. Na provincia de Ourense están arbitradas a terceira parte das persoas que fixeran unha solicitude de arbitrase. Pide que se lles tome en consideración porque xa están cansos de estar na rúa. A día de hoxe a pelota está no Estado e se os políticos non son capaces de arranxar o problema a eles éelles imposible. Rogan que lles traslade este acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno Central, así como a todas as institucións onde sexa necesario (Comisión Nacional de Valores, Banco de España ...). Di que el iría moito máis lonxe, se queremos ter un banco para Galicia sería o que temos hoxe, pero público. Está na mans dos políticos a responsabilidade de arranxar o problema. Anuncia que marcharán educadamente, porque non queren ser noticia nas portadas de prensa por liortas ou malos comportamentos. Reitera as grazas a todos.

Intervén novamente don **Antolín Fernández Fernández**, para pedir perdón polo seu ton anterior, e espera que o comprendan porque están todos moi cabreados. Quere dirixirse aos medios de comunicación para dicirlles que el fixo un reto: que en tres ou catro meses se resolva o problema de todos cobrando o cen por cen, e se non é así que se faga un exercicio de responsabilidade por quen ten hoxe o poder e que se presenten dimisións. Pídelles aos medios de comunicación que dentro deses tres ou catro meses se lembren do acordo tomado aquí para saber se se cumpriu ou non. Se se cumpriu felicitará aos deputados e dirá que houbo coherencia e integridade e se non se cumpriu dirá outra cousa.

Os Sres. Rodríguez Puga e Iglesias Pérez regresan aos seus escanos.

O **Sr. presidente** preguntalle ao Sr. Rodríguez Puga se acepta a emenda in voce do Grupo Socialista, ao que este contesta que si é aceptada.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción coa emenda do Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- O Pleno da Deputación rexeita o procedemento artellado polo Goberno do Estado que supón unha quita de máis do 50% aos aforradores e aforradoras.
- 2º.- O Pleno da Deputación insta ao goberno da Xunta de Galicia e goberno do Estado para que garantan das entidades bancarias a devolución íntegra dos ingresos dos aforradores/as.
- 3º.- A Deputación buscará mecanismos de apoio e asesoramento para a busca dunha solución viable para recuperar o diñeiro investido. Un destes mecanismos é a posta a disposición dos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

servizos xurídicos do ente provincial para os afectados pola compra de preferentes e subordinadas.

**10º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012 E DO 1º ADICIONAL DE NOVIEMBRE DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de decembro de 2012 e do 1º adicional de novembro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**11º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 1º DE MAIO, 5º DE XUÑO, 4º DE AGOSTO E 1º DE NOVIEMBRE DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de decembro de 2012 e dos seguintes adicionais: 1º de maio, 5º de xuño, 4º de agosto e 1º de novembro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

**12º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha moción de urxencia sobre a reforma da Lei de bases do réxime local, prevista polo goberno central, que sería a terceira que se debatería neste Pleno do Grupo Socialista, ao que se lle dá a palabra para que xustifiquen a urxencia.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** di que aínda que este Pleno foi longo e farragoso, traen esta moción porque parece ser que o Consello de Ministros aprobou o 22 de febreiro de 2013 o anteproxecto para cambiar a Lei de bases do réxime local. Para o Grupo Socialista isto supón o máis grave atentado ao municipalismo desde a transición democrática. Cre

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

que é urxente porque neste momento se están presentado alegacións por parte da FEGAMP e da FEMP, e incluso doutras federacións territoriais e por alcaldes de forma individual. Parécelle un tema importante porque isto é poñer patas arriba a estrutura dos municipios deste país.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, manifesta que está de acordo coa urxencia da moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que á marxe de que non se respectou un pacto de traer só dúas mocións (esta é a terceira), entenden que non procede recoñecer a urxencia deste asunto por razóns obvias. Trátase dun texto legal de transcendental importancia para os concellos galegos e de xeito especial para os de Ourense coa súa dispersión. Cren que as alegacións que se presenten desde esta Deputación deben ser estudadas e, na medida do posible, consensuadas polos tres grupos políticos. En consecuencia, a postura do Grupo Popular é non recoñecer a urxencia da moción polas razóns expostas, non porque non consideren o asunto de transcendental importancia, polo que traslada unha proposta da Presidencia no sentido de que a través da Xunta de Portavoces, ou incluso da comisión informativa competente, se elabore unha proposta consensuada para sometela á consideración do vindeiro Pleno do mes de abril, ou incluso do mes de maio, segundo vaian os traballos, e poder facer algo similar ao que fixeron a FEGAM e a FEMP.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, manifesta que se se trata en Xunta de Portavoces ou na vindeira comisión informativa do mes de abril, non ten ningún inconveniente en retirar a moción.

O **Sr. presidente** di que entón xa non procede a votación sobre a urxencia xa que este asunto vai ser obxecto de estudo polos órganos correspondentes da Deputación.

### **13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda, o Sr. presidente anuncia que hai dúas preguntas formuladas por escrito para a súa resposta no Pleno, asinadas polo Sr. Gómez Pérez, ao que lle cede a palabra.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que con que llas conteste xa lle vale, non necesita reproducilas outra vez.

O **Sr. presidente**, manifesta que a ambas preguntas son do día 13 de marzo de 2013, a primeira con número de rexistro de entrada 5.791, co seguinte contido: *En cantos procesos xudiciais se ten visto inmersa esta Deputación dende o día 1 de xaneiro de 2012 ata hoxe, incluídos aqueles que aínda estean sen rematar. E que se faga constar nome do proceso,*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

*demandante e demandado, sentenza e custo para a Deputación polo proceso e por indemnizacións, ou outros, se fose o caso.* Dille ao Sr. Gómez Pérez que lle vai facer entrega dun documento no que se recollen todas as cuestións formuladas e resume que os procesos xudiciais que se iniciaron desde o 1 de xaneiro de 2012 foron 64, dos que 16 aínda están en trámite, 6 finalizaron sen necesidade de sentenza e hai 42 con sentenza, das cales 26 son estimatorias e 16 desestimatorias. Manifesta que o dito documento está a disposición de todos os grupos políticos. Na segunda pregunta pídese que se *informe en cantos procesos xudiciais se teñen visto inmersos os deputados do grupo de goberno dende o día 1 de xaneiro de 2012 ata hoxe, incluídos aqueles que aínda estean sen rematar.* En canto a esta pregunta o Sr. presidente informa de que nos servizos xurídicos da Deputación non hai constancia de ningún proceso xudicial no que sexa parte algún deputado. De existir, a Deputación non é parte interesada nos ditos procesos, que poden obedecer a cuestións particulares ou ao exercicio das súas funcións noutras institucións.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** reitera a pregunta xa realizada de que queren saber se o deputado Sr. Feijóo Alonso segue formando parte do grupo do Partido Popular.

O **Sr. presidente** responde que o Sr. Feijóo Alonso segue formando parte do grupo provincial do Partido Popular.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** con respecto a algunha información que fixo a propia persoa, queren saber se o Sr. presidente lle dá permiso ao asesor deportivo da Deputación (que cobra unha nómina da Deputación) para andar por Europa adiante de olleador de árbitros da UEFA, ou se fai con cargo ás súas vacacións e se esas vacacións son moi longas, pois el mesmo comenta que isto se fai ao longo de todo o ano.

O **Sr. presidente** manifesta que o asesor deportivo da Deputación pediu o permiso correspondente, descontándolle os días dos propios aos que ten dereito para os seus asuntos.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista,** di que unhas semanas antes do congreso do Partido Popular, o Sr. presidente fixo unha presentación na Comarca de Bande en relación co observatorio económico. Ese mesmo día mantivo un encontro coa militancia para unha presentación dun proxecto político de cara ao congreso provincial do Partido Popular. O Grupo Socialista quere saber se utilizou o coche oficial para acudir á Comarca de Bande e o aproveitou para os dous acontecementos, malia que un ten que ver coa vida interna dun partido. Tamén lle pregunta se fixo o mesmo noutras comarcas da provincia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

O **Sr. presidente** responde que nalgúns comarcas (non en todas) deuse esa circunstancia que mencionou a Sra. Morenza. Di que el ten un respecto institucional total e para os actos nos que se deu esa coincidencia foi no coche da Deputación e regresou nun coche particular. En ningunha das presentacións de ámbito político utilizou ningunha cuestión que afectase á Deputación.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, en relación cunha adxudicación da elaboración dun informe a unha empresa por importe de 20.000 euros, pregunta se era necesario gastar eses 20.000 euros, que tanto necesita esta Deputación Provincial, en algo que, ao mellor, poden facer os traballadores que forman parte do Cadro de Persoal da Deputación.

O **Sr. presidente** contesta que cre que a Sra. Morenza está errada na contía que acaba de dicir e que en todo caso son acordos que adopta o grupo de goberno. Cando governe o Grupo Socialista, se é que goberna algún día, terá a posibilidade de ver se consideran que é necesaria ou non esta cuestión, que se refire ao observatorio económico provincial, por certo ben acollido e ben valorado incluso por alcaldes do Partido Socialista. Este observatorio faise cunha serie de datos en cooperación co departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, onde ten un protagonismo fundamental o INORDE. O grupo de goberno pensa que isto debe facerse e por iso se tomou a decisión.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que esta Deputación sempre fixo unha declaración institucional con respecto ao día 8 de marzo, Día da muller traballadora. Este ano hai un acordo da Xunta de Goberno cunha declaración institucional de parte, sen buscar o consenso do resto dos grupos políticos, como se fixo outras veces. Pregunta que xestións leva feitas o Sr. presidente en relación coa mina de feldespatos da Limia desde o último Pleno. Pregunta tamén se o grupo de goberno avala a decisión do seu grupo parlamentar respecto dunha paralización temporal da central hidroeléctrica reversible de Fenosa nas Conchas, ou se, pola contra, defenden (como defende o BNG) iniciar unha nova tramitación do expediente.

O **Sr. presidente** contesta, en relación co día 8 de marzo, Día de Muller Traballadora, que ese mesmo día tivo lugar unha Xunta de Goberno, polo que o grupo de goberno aproveitou para facer unha declaración de carácter institucional. Non lles consta ningún texto achegado polos grupos da oposición nin ningunha chamada telefónica para acordar algo conxunto. Si lle consta que no pasado se tratou de facer unha cuestión conxunta entre os tres grupos e foi imposible pola postura do BNG. En relación coas xestións sobre a mina de feldespatos na Limia, di que realizou xestións directas co goberno da Xunta de Galicia, cos conselleiros de Economía e Industria e de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de marzo de 2013</b>
---

Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xestións que tamén está a realizar o deputado e alcalde de Xinzo Sr. Pérez Rodríguez. En canto á paralización nas Conchas dille ao Sr. Rodríguez Puga que ten que presentar unha iniciativa neste sentido no Pleno da Deputación, para que os grupos se poidan posicionar. Pensa que o grupo parlamentario Popular tería as súas razóns para votar a favor ese asunto.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** pregunta cando se pensan publicar os datos das declaracións dos rexistros de intereses dos deputados do Partido Popular.

**O Sr. presidente** responde que na Xunta de Portavoces do pasado luns se informou que había algúns matices que aclarar por parte da Secretaría Xeral con deputados dos tres grupos políticos. No momento que estean aclaradas tales cuestións reunirase novamente a Xunta de Portavoces e serán publicadas tal e como establece o Regulamento Orgánico da Deputación

E, ás 14:25 horas do citado día vinte e dous de marzo de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**